Sobre a valoración que fai o Goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema Universitario de Galicia para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos e as medidas que ten desenvolvido para avaliar e solucionar esta situación

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22208 (10/POC-003617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para garantir o respecto aos dereitos laborais e salariais nos contratos públicos de prestación de servizos que realiza e a opinión sobre o prego do concurso aberto actualmente para a prestación do servizo nos edificios administrativos da Xunta e a escaseza de ofertas presentadas a el

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22211 (10/POC-003618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22218 (10/POC-003619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentares en relación coa AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22220 (10/POC-003620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3ª do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22224 (10/POC-003621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre se o Goberno galego coñece o acordo plenario do Concello de Ourense do 03/06/2016 relativo á construción dun parque público nos terreos da actual estación de autobuses e sobre o uso que prevé facer destes terreos a Xunta de Galicia una vez se traslade a estación de autobuses á futura Estación Intermodal do AVE

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22226 (10/POC-003622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da evolución da sinistralidade laboral en Galicia e as medidas que prevé adoptar para reducilas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22228 (10/POC-003623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia suprime o incremento da partida orzamentaria destinada a gasto social para programas de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF para 2018

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22229 (10/POC-003624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da evolución salarial e do mercado de traballo en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22231 (10/POC-003625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os motivos dos retrasos na apertura do centro de saúde de Couto, situado en Ourense, a previsión de posta en marcha deste centro e as medidas de accesibilidade coas que contará

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22237 (10/POC-003626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia contemplado no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado e a estratexia negociadora a seguir co Goberno central

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Admisión da retirada

- 19538 (10/POC-003207)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 5 máis

Sobre a actuación levada a cabo en relación coa normativa ambiental noutras explotacións ao seu cargo pola empresa posible adxudataria da mina de San Rafael, nos concellos de Touro e do Pino BOPG nº 207, do 08.11.2017

- 19849 (10/POC-003242)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos na Estatística de Multilocalización Empresarial en relación coa actividade desenvolvida en Galicia por empresas foráneas, en particular o volume de negocio xerado por estas nos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos, así como a incidencia no territorio galego dos beneficios obtidos e a súa opinión en relación coa política desenvolvida ao respecto

BOPG nº 211, do 15.11.2017

- 20923 (10/POC-003377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as razóns do Instituto Enerxético de Galicia para non asinar o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía impulsado pola Comisión Europea, as súas intencións en relación coa reconsideración desa decisión e a súa información referida aos concellos galegos que desenvolveron os seus plans de acción para a enerxía sustentable e o clima, así como a colaboración con eles no desenvolvemento deses plans e as previsións ao respecto

BOPG nº 223, do 05.12.2017

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite

- 21750 (10/PRE-005406)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as diferenzas salariais entre os distintos corpos policiais do Estado e a intención do Goberno galego de demandarlle ao Goberno do Estado a progresiva equiparación salarial entre policía nacionais e gardas civís e outros corpos policiais

- 21785 (10/PRE-005407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero

- 21845 (10/PRE-005408)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o número de persoas xubiladas de Venezuela ás que se lles negou a renda de integración social

- 21905 (10/PRE-005409)

Grupo Parlamentario de En Marea

Barahona Martín, Magdalena

Sobre as modificacións de crédito para gastos de locomoción para acudir ás xuntanzas do grupo de traballo sobre a previsión do cadro macroeconómico das comunidades autónomas na AIReF (Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) entre setembro e decembro de 2017

- 21934 (10/PRE-005410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para corrixir os prezos da actual licitación dos servizos de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos autonómicos

- 22008 (10/PRE-006381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as liñas de traballo, os obxectivos, o horizonte temporal co que se traballa e as accións que integrarán a Estratexia da Cultura de Galicia 2021

- 22015 (10/PRE-006382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontevedra respecto da petición de retirada dun símbolo da ditadura franquista dun espazo público municipal e as medidas que ten previsto adoptar para garantir o cumprimento da Lei 52/2007

- 22026 (10/PRE-006739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo goberno galego en relación coa folga do persoal examinador de tráfico e para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento de Galicia o 27 de setembro de 2017 referido á situación das autoescolas galegas

- 22028 (10/PRE-006740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de tramitación da denuncia presentada en relación co espectáculo taurino que tivo lugar en Moraña o 3 de setembro de 2017 e as consecuencias previstas pola Xunta en relación con eses feitos

- 22068 (10/PRE-006741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos problemas derivados da saturación dos hospitais, as medidas extraordinarias que se adoptaron para solucionarlos e os resultados destas

- 22073 (10/PRE-006742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a problemática do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra e a oportunidade de situalo no edificio en rehabilitación propiedade da Xunta de Galicia sito na rúa Benito Corbal

- 22077 (10/PRE-006743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as medidas de consumo responsable de auga que está a planificar e desenvolver o Goberno galego e os resultados da estratexia a curto prazo e a longo prazo fronte á seca na que está a traballar a demarcación hidrográfica Galicia-Costa

- 22079 (10/PRE-006744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o cumprimento das obrigas derivadas da subvención recibida pola Fundación Cipri Gomes para o funcionamento do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación de Viana do Bolo baixo o programa Leader e os medios empregados para avaliar a súa xestión

- 22085 (10/PRE-006745)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a desclasificación do monte veciñal en man común da Lanzada do concello de Sanxenxo

- 22090 (10/PRE-006746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas da Xunta de Galicia perante o goberno estatal en relación á factura da electricidade, a opinión que ten respecto dos conceptos incluídos nela e as actuacións en materia de enerxía renovable alternativa á produción da eléctrica

- 22097 (10/PRE-006747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto de se a proposta de zonificación para a admisión do alumnado aos centros docentes sostidos con fondos públicos da cidade de Vigo responde ás necesidades de escolarización existentes

- 22128 (10/PRE-006748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións de actuación da Xunta de Galicia para protexer as persoas usuarias fronte ás políticas comerciais das entidades financeiras

- 22176 (10/PRE-007076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración que fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación do sector do libro en galego, das demandas dos representantes do sector e as medidas que ten previsto adoptar para ampliar os índices de lectura

- 22189 (10/PRE-007530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017, do seu grao de transparencia en materia de planificación normativa e as previsións para a aprobación do Plan anual normativo de 2018

- 22209 (10/PRE-007531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para garantir o respecto aos dereitos laborais e salariais nos contratos públicos de prestación de servizos que realiza e a opinión sobre o prego do concurso aberto actualmente para a prestación do servizo nos edificios administrativos da Xunta e a escaseza de ofertas presentadas a el

- 22213 (10/PRE-007532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos

- 22222 (10/PRE-007533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración do informe relativo á reestruturación bancaria en Galicia en cumprimento do acordo parlamentario da Comisión 3ª do 09/06/2017, as conclusións extraídas del polo Goberno galego e se se adoptou algún mecanismo de medición das consecuencias do dito proceso de reestruturación bancaria

- 22233 (10/PRE-007534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego da evolución salarial e do mercado de traballo en Galicia

- 22239 (10/PRE-007535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia contemplado no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado e a estratexia negociadora a seguir co Goberno central

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **terceiro trimestre de 2017**.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

Hoxe podemos observar no portal de Pesca de Galicia como no conxunto do ano 2017 a facturación das lonxas de Galicia vén de rexistrar un descenso de máis de cinco millóns de euros (5.855.743,45), pasando dunha facturación de 497.520.440,69€ no 2016 a 491.664.697,24€ no 2017, o que supón un descenso do 1,20%, unha demostración de como as políticas da Xunta non conseguen trasladar as melloras macroeconómicas ao sector do mar en Galicia. Baixada que se é tomada en termos reais, implicaría un descenso de case un 3%.

Por todo o exposto, a deputada e deputado asinantes presentan as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Como o explica o Goberno galego o descenso da facturación das lonxas galegas fronte ao incremento rexistrado no PIB do país durante o último ano?
- Que vai facer o Goberno galego para mudar esta situación ?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/01/2018 10:25:23

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/01/2018 10:25:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 27 de setembro de 2017 o Bloque Nacionalista Galego defendeu no Pleno do Parlamento galego unha Proposición non de lei relativa á situación límite de moitas autoescolas galegas diante da falta de persoal examinador e ás actuacións que debía levar a cabo a Xunta de Galiza para paliar o seu impacto económico e buscar unha saída.

Grazas á xenerosidade e vontade de diálogo dos demais grupos parlamentares foi posíbel aprobar unha transacción con seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

2. Dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

3. Demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza vial.”

Por outra banda, o pasado 13 de decembro de 2017 o colectivo de examinadores e examinadoras anunciaban a fin das súas folgas por ter acadado un acordo con todos os grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados e Deputadas agás o Partido Popular de cara a levar a cuestión aos vindeiros orzamentos do Estado. Porén, a día de hoxe non temos perspectiva de cando se cristalizará ese posíbel acordo e as e os traballadores das autoescolas galegas continúan a ter, dunha banda, importantes problemas como consecuencia da situación destes meses; e doutra, incerteza sobre as posibilidades dunha nova folga en 2018.

Por todas estas cuestións e as expostas en sucesivos debates parlamentares, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental que estas demandas sexan atendidas con urxencia e dilixencia por parte do executivo galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego no 27 de setembro referido á situación das autoescolas galegas?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de dar saída á folga do persoal examinador? Apoia ou apoiará en nome da comunidade a necesidade de introducir nos Orzamentos do Estado contía suficiente para incrementar os salarios e o persoal examinador?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

-Que medidas fiscais ou económicas adoptou o goberno galego para minorar o impacto da situación de crise que están a vivir as autoescolas galegas? Con que previsión orzamentaria? E temporal?

-De ter xa desenvolvido o goberno galego estas actuacións, pode facer unha avaliación do número de autónomos e autónomas ou autoescolas adscritas ás mesmas? Cal é a súa valoración?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu o goberno galego ao goberno central con motivo de transferir a competencia en materia de tráfico e seguranza vial? Desenvolveu o goberno galego algunha actuación para evitar un novo veto por parte do Estado?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22024
Data envío: 03/01/2018 10:41:58.022

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 10:40:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 10:40:40

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 10:40:44

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 10:40:51

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 10:40:52

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 10:40:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 11:00
Nº Rexistro: 22027
Data envío: 03/01/2018 11:00:26.575

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O pasado domingo 3 de setembro de 2017 tivo lugar, no marco da romaría cabalar, un ‘espectáculo taurino’ no Concello de Moraña, onde a Xunta aparecía nun dos cartaces como institución colaboradora.

O día 22 de setembro o Director Xeral de Emerxencias e Interior informou, en resposta parlamentaria, da apertura dun expediente ao respecto, xa que a Xunta de Galiza non autorizara o citado espectáculo.

Transcorridos máis de tres meses, as entidades que presentaron o escrito denunciando os feitos non recibiron ningunha información sobre a tramitación administrativa da mesma.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cal é o estado de tramitación da denuncia presentada en relación co espectáculo taurino que tivo lugar en Moraña o pasado 3 de agosto de 2017?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 11:00
Nº Rexistro: 22027
Data envío: 03/01/2018 11:00:26.575

2. Ten previsto o goberno galego sancionar á organización do evento e ao concello de Moraña?

3. Considera a Xunta de Galiza que a tramitación do expediente cumpre a normativa a respecto dos prazos de resolución e información ás partes?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 10:57:16

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 10:57:20

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 10:57:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 11:00
Nº Rexistro: 22027
Data envío: 03/01/2018 11:00:26.575

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 10:57:26

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 10:57:27

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 10:57:29

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Despois da paralización durante máis de oito anos por parte do Goberno de Feijóo do proxecto do Campus do Mar nas instalacións da ETEA en Teis (Vigo), e dentro da campaña de publicidade e propaganda habitual, o día 10 de xullo deste ano, o presidente Feijóo, xunto aos conselleiros de Facenda, Valeriano Martínez, e Educación e Cultura, Román Rodríguez, asinaron co reitor da Universidade de Vigo dous convenios polos que se comprometen 3 millóns de euros para a rehabilitación e equipamento do edificio Faraday. Aínda que a Xunta de Galicia non puxo fondos para a adquisición das instalacións, que foron abonadas por Zona Franca de Vigo, a posta en escena publicitaria desenvolveuse como é habitual, ao servizo exclusivo dos intereses electorais e partidarios do Partido Popular.

Só así se explica a presenza no acto da firma da portavoz local do Partido Popular, Elena Muñoz, mentres que non foron invitados oficialmente os concelleiros de Goberno e o propio alcalde de Vigo.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os criterios de invitación a firma do convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Campus do Mar?
2. Por que invita a Xunta da Galicia a portavoz local do Partido Popular en Vigo e non invita ao alcalde da cidade, lexitimamente elixido pola cidadanía?
3. Se non foi invitada, como se explica a presenza na fotografía oficial do acto da portavoz local do Partido Popular?

Grupo Parlamentario

4. Considera o Goberno galego que estas decisións, claramente partidarias, axudan ao respecto institucional que debe de existir entre as administracións?

5. Non considera un agravio ao conxunto da cidadanía de Vigo, que non fosen invitados tódolos representantes municipais electos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:02:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2018 12:03:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:03:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2018 12:03:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2018 12:03:20

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Unha ves máis, as noticias aparecidas nos medios de comunicación poñen de manifesto a estreita relación entre enerxía e necesidades sociais nun país no que as diferenzas de renda son cada vez maiores.

Leemos que nun só día se esgotaron as axudas para a renovación de ascensores, nun país no que un terzo dos 60.000 elevadores teñen tecnoloxías desfasadas, e que as vivendas en altura sen ascensor se concentran nos cascos históricos, e nas urbanizacións de aluvión construídas nos anos sesenta e setenta nas nosas cidades e vilas.

A fallade ascensores ou a escasa eficiencia enerxética dos vellos elevadores non permiten rebaixar sensiblemente as facturas eléctricas de comunidades de veciños nas que moitas veces se acumulan os impagos.

Estas necesidades están sendo cubertas pola consellería correspondente de maneira moi parcial e con unha estratexia que dende o Grupo Socialista nin entendemos plenamente, nin compartimos.

O plan de renovación e instalación de ascensores, que é similar ao de substitución de xanelas, que hai só unha semana rematou os fondos en tan só noventa minutos, presenta, cando menos, problemas de concepción. Así os 700.000 euros achegados pola Xunta de Galicia para a renovación de ascensores se adxudicaron nunha soa mañá.

E necesario que as empresas instaladoras previamente se adhiran ao plan, o que pode levar a existencia de información privilexiada, xa que falamos de axudas que se conceden por orde de petición e sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola Administración, pero sen ter en conta prioridades de carácter social.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades existentes en determinados lugares da comunidade pola carencia de ascensores en vivendas en altura?
2. Ten pensado introducir algún tipo de elemento corrector que teña en conta as necesidades económicas das comunidades de veciños e veciñas á hora de priorizar as subvencións?
3. Existe algún tipo de colaboración coa Consellería de Política Social á hora de abordar a problemática das persoas maiores que residen en vivendas en altura e teñen problemas de mobilidade?
4. Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de ampliar as partidas orzamentarias, tanto para a instalación e mellora de ascensores, como a mellora de fiestras e de instalacións eléctricas nas vivendas?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:03:31

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:03:38

Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2018 12:03:43

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A caracterización socio-laboral dos autónomos en Galicia, mostra importantes debilidades á hora de consolidar as súas posicións económicas. Dous terzos do número total de autónomos/empresarios e autónomas/empresarias son persoas físicas, case catro de cada cinco non teñen asalariados e asalariadas ao seu cargo e máis dun terzo das autónomas persoas físicas de Galicia teñen máis de 55 anos. Ademais, a súa capacidade de aproveitamento das novas tecnoloxías é moi escasa. Calcúlase que un 10 % de este colectivo xubilárase anualmente nos próximos anos.

No medio prazo, un número moi importantes de autónomos pasarán a situación de xubilación, moitos pecharán os seus negocios por causas económicas ou organizativas e outros moitos estarán en tránsito de abandono, reducindo de forma significativa a súa actividade. Por tanto, perderanse un número moi elevado de negocios que non parece que vaian ser substituídos directamente no tecido empresarial.

Nun país con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión da poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

Mentres se producen estes peches, un número importante de mozos asumen realizar unha actividade por conta propia, pero atopan dificultades para a súa integración xa que na maior parte dos casos, abordan negocios de nova creación e con moito risco, ademais sen unha preparación práctica suficiente.

Neste contexto resulta de gran interese arbitrar programas concretos de apoio para facilitar a substitución xeracional no traballo autónomo, para

 Grupo Parlamentario

tentar dar resposta á necesidade de continuidade dunha parte destes negocios.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que teñen en moitos casos os autónomos e as autónomas próximos e próximas á xubilación para a continuidade dos seus negocios?
2. É consciente a Xunta de Galicia da importancia que teñen os pequenos/as autónomos/as na articulación territorial do país?
3. Cree a Xunta de Galicia que é estratéxico para o país non perder o *know-how* acumulado nos negocios dos/as autónomos/as ante o momento da súa xubilación?
4. É consciente das grandes dificultades de inserción laboral que atopan os mozos e as mozas en Galicia, independentemente da súa cualificación?
5. Ten a Xunta de Galicia algún plan definido e concreto para abordar esta problemática?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:03:55

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:04:00

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesares da aparente urxencia coa que o goberno da Xunta de Galicia reclama a actividade lexislativa para, en teoría, favorecer as instalacións empresariais, o certo é que os feitos concretos que van máis alá da publicidade e a propaganda mostran unha realidade ben distinta.

O caso do lentísimo avance nas obras da Plisan é o mellor exemplo. Agora, cando o retraso previsto acumula anos, e ademais prolóngase cada vez máis. Hai que recordar que o Goberno galego asegurou que en xaneiro de 2017 comezaría a instalación das primeiras empresas. As administracións gobernadas polo PP, continúan ancoradas na propaganda.

Sinalan que Zona Franca relanzará a Plisan, iso si 17 años despois dos primeiros trámites. E que aportará 10 millóns de euros para urbanizar chan industrial. Estando previsto que se liciten estas obras no futuro, a depuradora non está funcionando aínda, preto de un millón de metros cadrados de terreo.

Pero lamentablemente a realidade imponse, e as incertezas que se acumulan sobre a construción da Plisan seguen aumentando, mentres as deslocalizacións aumentan cara ao norte de Portugal, o chan industrial é un ben escaso e caro no sur da provincia de Pontevedra e lamentablemente as proposicións de lei express do Partido Popular, non son máis que parches que agochan outras intencións económicas e políticas.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia algunha nova estratexia, definida con claridade e con un horizonte temporal razoable, ante a carencia de chan industrial a prezos competitivos no sur da provincia de Pontevedra?

 Grupo Parlamentario

2. Cal é a razón pola que o proxecto construtivo da depuradora da Plisan acumula os retrasos sinalados nos medios?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia da súa afirmación de que o chan industrial estaría a disposición das empresas en xaneiro do ano 2017?
4. Cales son as razóns deste retraso?
5. Existe un novo calendario pechado de posta a disposición das empresas do chan industrial da Plisan?
6. Cal é ese calendario?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:04:14

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:04:20

Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O domingo 20 de agosto de 2017 produciuse un feito de extrema gravidade no transporte de viaxeiros ás illas Cíes. A decisión adoptada pola Xunta de Galicia de impedir o ataque de barcos de viaxeiros nas illas e o de non permitir a saída dende o porto de Vigo de barcos con viaxeiros que adquiriran o seu billete con antelación, desembocou nun grave problema de seguridade para miles de persoas.

Corresponden á Xunta de Galicia todas as competencias relacionadas coa xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a autorización a empresas de navegación e o cumprimento de que non se exceda o número máximo autorizado de visitantes. Dende o Grupo Socialista compartimos totalmente a decisión de que exista unha cota de visitantes para preservar o ecosistema medioambiental, pero corresponde á Xunta de Galicia facer respectar este volume máximo para salvagardar a propia imaxe das illas.

Era de todos coñecido que dende hai anos se viñan denunciando situacións irregulares, e polo tanto, correspondía á Xunta de Galicia ter adoptado medidas de control antes do inicio da campaña de verán e da masiva demanda de afluencia ás illas Cíes.

A xulgar polo ocorrido o domingo, e tamén ao día seguinte, desde a Xunta de Galicia non se adoptaron medidas de control previo que evitasen situacións como as producidas o domingo 20 de agosto. Constátase que despois de anos de actuación a Xunta de Galicia non ten un sistema de control que evite a sobreventa de billetes como en calquera outro tipo de evento ou transporte. Desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia repróbbase e láméntase a

Grupo Parlamentario

situación provocada, e esíxese a adopción das medidas que correspondan.

A decisión de non permitir atracar a barcos que xa chegaran o seu destino, foi a peor das decisións. Cun risco tremendo para a seguridade marítima, e con risco de graves altercados públicos. Non é razoable pensar en centos de persoas en barcos polo medio da ría, sen poder atracar e obrigándolles a volver ao seu punto de orixe. Todo o contrario ao que aconsella o sentido común e as mínimas medidas de seguridade.

Ademais, esta xestión absolutamente nefasta e irresponsable supuxo un gravísimo dano á imaxe das illas Cíes e ao turismo da cidade de Vigo. Dende hai anos vense traballando de forma moi intensa dende o Concello de Vigo e outras institucións para potenciar estas illas, co obxectivo de conseguir que sexan declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e actuacións como a relatada tiran por terra o traballo de moito tempo.

Quen responde politicamente do sucedido? 48 horas despois ningún responsable político da Xunta de Galicia dou explicacións, nin asumiu politicamente o dano irreparable causado á cidade de Vigo, termo municipal no que se atopan as illas Cíes. É imprescindible unha explicación dos máximos responsables políticos, o presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, xa que non existe unha explicación sobre a gravísima e irresponsable decisión adoptada.

A medida que pasan as horas, increméntase a sospeita da absoluta incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar todo o relacionado co Parque Nacional das Illas Atlánticas; a idea de estar asistindo a unha decisión premeditada de causar un dano moi grave á imaxe das illas Cíes, de Vigo e da súa economía, colle forza e consistencia.

É inexplicable en termos políticos e da mínima lealdade institucional que unha decisión desta envergadura non fose sometida á consideración do Goberno de Vigo. Son, polo tanto, moitas as preguntas ás que o Goberno da Xunta de Galicia debe de responder.

 Grupo Parlamentario

Os socialistas, censuramos a actuación da Xunta de Galicia na decisión de non permitir o acceso ás illas Cíes a miles de persoas que xa estaban nos barcos en medio da ría, poñendo en grave risco a seguridade marítima e a das persoas, e esiximos responsabilidades políticas de quen corresponda por ordenar tan nefasta decisión.

Ante esta situación, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tiña noticias a Xunta de Galicia da sobre-venda de billetes para as illas Cíes por parte das empresas navieras, se for o caso, desde cando?
2. Que mecanismos de control tiña establecidos a Xunta de Galicia sobre o número de billetes vendidos, dado o caso, desde cando?
3. Tiña posto a Xunta de Galicia sancións ás empresas navieras que vendían billetes por riba do límite legal, de ser así, cantas sancións impuxo, en que datas, a que empresas e por canto importe?
4. Cal foi a razón de tomar a decisión de non permitir o desembarco nas illas Cíes a miles de persoas que xa estaban nos barcos en medio da ría e mesmo nos peiraos?
5. Avaliou a Xunta de Galicia os efectos desta decisión en termos de seguridade marítima, e en termos de seguridade das persoas?
6. Avaliou a Xunta de Galicia en termos do impacto económico sobre a imaxe do turismo das illas Cíes e do concello de Vigo?
7. Considera a Xunta de Galicia que esta decisión afecta a candidatura das illas Cíes como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:04:45

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:04:51

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:04:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:05:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC's no tecido produtivo da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia; e non só en zonas afastadas do interior, senón en moitos casos en zonas próximas aos núcleos urbanos. Estas carencias de carácter xeográfico, levan tamén a inhibición en moitos casos das empresas.

Así, os últimos datos sinalan que Galicia encabeza a caída do gasto empresarial en novas tecnoloxías tras caer un 44 %. De feito, a inversión das compañías da comunidade nas TIC alcanza unicamente o 1 % do total nacional, e só un 15 % das grandes firmas vende por internet.

Estas carencias poñen enriba da mesa as dificultades para desenvolver actividades económicas que podan competir nos mercados globalizados, algo que debería de ser un obxectivo estratéxico para o noso país, máis alá da publicidade e a propaganda.

Como podemos observar, a pesares da aparente urxencia coa que o Goberno galego reclama a actividade lexislativa para, en teoría, favorecer as instalacións empresariais, o certo é que os feitos concretos que van máis alá da publicidade e a propaganda mostran unha realidade ben distinta.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia da mala situación que no contexto nacional presenta o tecido produtivo galego, en termos de gasto empresarial en novas tecnoloxías?
2. É consciente a Xunta de Galicia que esta situación dificulta enormemente a mellora na competitividade das nosas empresas?
3. Que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante esta situación?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:05:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:05:58

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A parroquia de Chapela, no concello de Redondela, atópase nunha situación próxima á saturación no que ten que ver coas infraestruturas que a atravesan, dende fai décadas: a liña de ferrocarril, a autoestrada AP-9, estradas de diversa titularidade, etc.

Actualmente, esta situación tense convertido nunha situación límite polas obras de ampliación da capacidade da AP-9 entre a bifurcación cara Vigo e Puxeiros e o enlace de Domaio, coa ampliación da Ponte de Rande. Estas obras están afectando de forma importante a vivendas e diversos servizos públicos: dende un centro de saúde ata dous centros educativos (o colexio da Igrexa e o Instituto de Chapela), tanto en termos de seguridade viaria, como de niveis de ruído soportados, que é obvio que superan os máximos permitidos na lexislación. De feito, un informe elaborado por Fomento revela que o tramo de acceso da AP-9 á cidade, é o que somete a máis poboación a contaminación acústica, máis de 2.000 veciños e veciñas.

Como pode observar calquera persoa, a proximidade das obras de ampliación e da propia autoestrada é no caso do colexio da Igrexa límite, afectando gravemente ao desenvolvemento normal da actividade lectiva, así como a propia seguridade do alumnado e mestres.

No caso deste colexio da Igrexa, a afectación das obras de ampliación da autoestrada é tan forte, mesmo sendo necesario derrubar parte do mesmo, que obrigou á sinatura dun convenio para a construción dun novo centro educativo nas proximidades. Pero o certo é que o proxecto do novo colexio avanza a un ritmo moi lento, o que xera unha fonda preocupación na comunidade educativa.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É evidente, vendo o desenvolvemento das obras que mentres non se constrúa o novo colexio, a actividade lectiva vaise ver fortemente afectada polas obras e pola proximidade dunha vía de alta capacidade e cun tráfico dos máis intensos de toda Galicia. A esta situación engádense as deficientes condicións de seguridade viaria e accesibilidade que presentan os accesos peonís ao colexio, ademais do feito inaudito que os gardarraís estarán literalmente pegados ás paredes do centro educativo.

A menos de dous meses de que comece o curso académico, a verdade é que a incompetencia na xestión, tanto do Goberno local de Redondela, como do Goberno galego é manifesta. A propia concelleira de educación de Redondela sinala que “no momento no que o concello poña o terreo a disposición da empresa, Autopistas del Atlántico redactará o proxecto e contratará a construción do novo centro”, como os terreos aínda non están a disposición, o retraso é mais que evidente.

Ante esta situación, os socialistas pedimos que non se abra o novo carril da autoestrada AP-9 no tramo coincidente co colexio Igrexa, mentres os nenos/as non sexan trasladados ao novo colexio, unha medida que xa foi solicitada por todos os colectivos da parroquia de Chapela, por centos de persoas nunha manifestación e polo propio Pleno do Concello de Redondela.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia do problema que suporía no colexio da Igrexa en Chapela (Redondela) o comezo do curso coa ampliación da AP-9 literalmente pegada a súas aulas?
2. Ten mantido contactos a Xunta de Galicia con Audasa e co Concello de Redondela para solucionar este problema?
3. Cales teñen sido os resultados destes contactos?
4. Cal é a situación concreta do expediente administrativo para a construción dun novo colexio en Chapela e o traslado do alumnado?

Grupo Parlamentario

5. Considera a Xunta de Galicia que é posible desenvolver a actividade docente nunhas condicións razoables, nun colexio literalmente pegado a unha autoestrada pola que circulan máis de 55.000 vehículos ao día, moitos deles pesados?

6. Coñece a Xunta de Galicia cal é o estado do proceso para axilizar os trámites que permitan a recualificación dos terreos destinados ao novo centro escolar da Igrexa?

7. Que calendario manexa a Xunta de Galicia para a posta en servizo do novo centro?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Luis Manuel Alvarez Martínez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:06:26

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:06:32

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:06:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2018 12:06:41

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O sector do automóbil é extremadamente relevante na economía de Galicia, e en concreto no sur da provincia de Pontevedra. Con preto de 19.000 empregos directos (un 12 % do sector industrial) e máis de 8.000 millóns de euros en vendas; ademais dunha notable capacidade exportadora.

Ao redor da factoría de PSA-Citroën en Vigo, que segue sendo o motor e referencia, artellouse un sector de compoñentes, que contribúe con ao redor do 75 % ao valor final do automóbil, nos seus diferentes niveis. Con empresas moi ben posicionadas no mercado, entre elas algunhas galegas xa convertidas en multinacionais.

Agrupadas nun clúster propio, CEAGA, con cuantiosas o axudas públicas. Máis alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero resulta evidente que non chega.

A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión. Os investimentos na industria auxiliar prodúcense ao tempo do lanzamento da produción de novos vehículos na factoría final. Está previsto que chegue a furgoneta K-9 no 2018 e o todo camiño V-20 despois.

O propio presidente do Clúster ten recoñecido que, por vez primeira, un lanzamento non atrae novos provedores. Que todas as decisións de novos investimentos están tendo como destino o norte de Portugal (ou, en todo caso, Marrocos).

Cada vez as inversións na industria auxiliar desvíanse máis fóra de Galicia. En 2015 investíronse 115 millóns en Galicia na industria auxiliar, e entre tres e catro veces máis en Portugal (que suporían por riba de 1.200 empregos adicionais).

 Grupo Parlamentario

As empresas situadas ao redor de Vigo están abrindo novos proxectos ou reforzando os existentes en Portugal. Ata o propio presidente de CEAGA chama a ver Portugal como unha oportunidade. Nós insistimos, nos últimos cinco anos perdemos máis de 2.000 empregos e Portugal gañou máis de 6.000, e xa nos adianta en volume facturado.

E todo parece indicar, e así o recollen dende os sindicatos ata publicacións especializadas, que a posta en marcha da produción do proxecto coñecido como K-9 está supoñendo importante carga de traballo fóra de Galicia, en parte debido ás carencias que presenta a política industrial galega. O país veciño producirá o 25 % das pezas das novas furgonetas.

É verdade que a competencia no sector do automóbil é cada vez máis dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. A redución de custos asociada á deslocalización reforza a fábrica final. E a creación do mercado interior europeo fainos competir con Portugal ou o leste de Europa; e a globalización, con Marrocos ou México.

Non podemos aspirar a reter as partes da produción máis intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente como país a unha rápida deslocalización da industria auxiliar, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia do novo escenario que se está producindo en torno á industria da automoción, e a aparición e consolidación de novos competidores?
2. Ten mantido reunións a Xunta de Galicia co Clúster da Automoción e as diferentes empresas para abordar este problema?
3. Cal é o diagnóstico da Xunta de Galicia sobre o mesmo?
4. Cales son as solucións e axudas que se contemplan?

 Grupo Parlamentario

5. Estas solucións, teñen sido definidas en colaboración cos diferentes axentes económicos e sociais?

6. En que termos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:07:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:07:05

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Para as e os socialistas galegos, o novo decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, manexado pola Xunta de Galicia, segue sen resolver un problema fundamental nun sistema de investigación, como é a estabilidade das e dos investigadores.

Os contratos son por un máximo de cinco anos e asociados a un proxecto específico de investigación. Déixase aberta a porta ás renovacións, pero condicionadas sempre a que o proxecto de investigación teña unha duración maior, ou a que se concedan prórrogas.

Trátase polo tanto de evitar, con este decreto que as e os traballadores xeren dereitos de continuidade. É imprescindible sinalar que a inestabilidade dos contratos é incompatible coa realización de proxectos de investigación relevantes; e incluso, en moitos casos, cos requisitos legais das convocatorias públicas de axudas á investigación que son a fonte principal de financiamento dos proxectos.

Non estamos en contra da avaliación da carreira investigadora das e dos nosos investigadores, pero non podemos aceptar un trato discriminatorio fronte ao conxunto das e dos traballadores públicos. Un sistema público de investigación non soporta que unha vez que se acredita convenientemente a capacidade, as e os investigadores estean pendentes de avaliacións continuas, especialmente por que o seguimento dos contratos e proxectos de investigación, é un proceso que se realiza por parte dos organismos que conceden o financiamento (en moitos casos organismos públicos).

É imprescindible de cara a elaboración de este decreto que unha vez avaliada a solvencia académica, profesional, técnica e científica do persoal

Grupo Parlamentario

investigador público, se regulen as prazas e os requisitos de acceso como o resto dos traballadores públicos.

Estamos falando de investigadores que obteñen os recursos económicos necesarios para o desenvolvemento dos seus proxectos e que formando persoas mozas licenciadas e doutores; con todo, segue sen ofrecerse unha vía axeitada de estabilización.

Falamos de profesionais coas características adecuadas ao previsto na Lei da ciencia, doutores con experiencia en investigación científica que se incorporaron nunha convocatoria pública e que superaron o período de incorporación demostrando a súa capacidade en avaliacións realizadas de acordo con criterios profesionais e regulados por esa mesma lei.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera posible o Goberno galego consolidar un sistema de investigación de calidade sen a participación activa das e dos investigadores no deseño do mesmo?
2. Considera que na elaboración do decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia estanse tendo en conta as opinións das e dos investigadores afectados?
3. Téñense producido contactos cos diferentes colectivos de investigadores afectados?
4. Cales teñen sido os resultados destas reunións?
5. En que se basea o Goberno galego para considerar necesario discriminar negativamente ás e aos investigadores privándolles da posibilidade de ter estabilidade laboral?
6. Que medidas vai tomar o Goberno galego para compensar a falta de atractivo da profesión de investigador como consecuencia desa discriminación?
7. Considera que o proxecto de decreto permite garantir a continuidade das carreiras profesionais das e dos investigadores xa avaliados?
8. Considera que o proxecto de decreto permite garantir que as e os investigadores do sistema galego podan desenvolver e consolidar proxectos

 Grupo Parlamentario

e equipos de investigación, coa incorporación de novas e novos estudantes pre-doutorais e doutorais?

9. Que medidas vai tomar o Goberno galego para compensar a perda de competitividade das e dos investigadores galegos ao non poder concorrer a un gran número de convocatorias por la temporalidade dos seus contratos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:07:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:07:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2018 12:07:32

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A empresa Navantia, despois de sufrir a crise que se produciu na construción naval a causa do parón da actividade económica mundial, atópase nun momento de incerteza, coa posible apertura e consolidación de novos nichos de negocio.

Historicamente, tense desenvolvido un polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando os labores principais do estaleiro, no ámbito metal-mecánico.

Os estaleiros da ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción militar e civil, reparacións e turbinas, xeran ao redor de 2.200 empregos directos, 10.500 de carácter indirecto, o que supón o 22 % da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24 % do PIB industrial provincial.

Hai un consenso xeneralizado da necesidade de promover as accións oportunas dende o goberno para que unha empresa pública sexa capaz de acadar os niveis de competitividade e xeración de emprego de calidade propio do século XXI nun país da Unión Europea. Resulta xa imprescindible un plan industrial que asegure un proxecto empresarial de futuro, que garanta a estabilidade, a competitividade dos estaleiros.

Existe acordo nos obxectivos, a modernización dos estaleiros coa implantación de novas tecnoloxías, a estabilidade na carga de traballo o que permitiría realizar os cambios organizativos necesarios e o rexuvenecemento dos traballadores e traballadoras.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da imperiosa necesidade que ten a empresa pública Navantia dun novo plan industrial axeitado ás cambiantes realidades económicas mundiais?
2. Ten mantido xuntanzas a Xunta de Galicia coa SEPI á hora de abordar a necesidade dun plan industrial para Navantia?
3. Cales teñen sido os resultados desas xuntanzas?
4. Cales foron os maiores déficits detectados?
5. Que papel de apoio e incentivos está disposta a asumir a Xunta de Galicia no impulso industrial aos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol?

Pazo de Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:12:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:12:06

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Comisión Europea vén de publicar o *Índice de Competitividade Rexional* de 2016, trátase da terceira edición dun estudo relativo as 263 rexións da Unión que proporciona informacións útiles para que estas melloren os seus resultados económicos.

A competitividade rexional é a capacidade dunha rexión de ofrecer unha contorna atractiva e sostible para que as empresas e a cidadanía se establezan e traballen nela. Permítenos ver facilmente a que nivel se sitúa a nosa Comunidade Autónoma en termos de innovación, gobernación, transporte e infraestrutura dixital, así como en canto as medidas sanitarias ou o capital humano.

E permite tamén axudar as rexións a identificar os seus puntos fortes, as súas carencias e as súas prioridades de investimento á hora de elaborar as súas estratexias de desenvolvemento.

Este índice é un instrumento interesante para unha mellor elaboración das políticas. Permite ás comunidades apoiar as reformas estruturais e estimular a capacidade de innovación das rexións da Unión a través dos investimentos da política de cohesión. Ofrecendo apoio a medida e axudando a aproveitar os seus puntos fortes e os seus recursos, especialmente coas estratexias rexionais de especialización intelixente.

En xeral, os resultados de 2016 están en consonancia cos de 2013. Obsérvase, de novo, un patrón policéntrico, no que as capitais e as áreas metropolitanas actúan como os principais motores da competitividade, cuxa onda expansiva pode verse na maior parte da Europa occidental e do norte, pero é moito menos evidente nas rexións orientais e meridionais da Unión. Tamén en moitos casos obsérvanse tamén grandes variacións dentro dun mesmo país, debido a que a rexión da capital consegue resultados moito mellores que as demais rexións.

Grupo Parlamentario

O Índice de Competitividade Rexional (RCI), que se puxo en marcha en 2010 e publícase cada tres anos, permite ás rexións supervisar e valorar a súa evolución no tempo e en comparación con outras rexións. É a primeira medida en ofrecer unha perspectiva europea da competitividade das rexións da Unión Europea.

No caso de Galicia, a pesar da publicidade e a propaganda do Goberno do Sr. Feijóo, e dos “feitos alternativos” de que a estratexia de recortes e conxelación do gasto público permitían obter resultados inmediatos, a realidade é moito mais frustrante. En 2010, ocupábamos o posto 182 de 263 rexións da Unión Europea, en 2013 mantiñamos no mesmo posto, e en 2016 (seis anos despois do primeiro informe), melloramos un lugar, ata o 181 de 263.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merece a Xunta de Galicia que neste informe, en seis anos, entre 2010 e 2016, só melloramos un posto entre as 263 rexións da UE28, pasando do 182 ao 181?
2. Considera relevante a información que ofrece o *Índice de Competitividade Rexional* realizado pola Comisión Europea, á hora de deseñar as políticas públicas?
3. Tivo en conta a Xunta de Galicia os dous informes anteriores, de 2010 e 2013, a hora de definir o *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*?
4. Vai introducir os cambios necesarios na planificación económica da Xunta de Galicia das indicacións que se poden extraer da información que proporciona a derradeira versión de 2016?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:12:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:12:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A política de publicidade e propaganda do Goberno Feijóo dende 2009 ten un dos seus exemplos máis notorios no asunto “Pemex”. Todas e todos os galegos recordamos a desconexión en “prime time” da televisión pública para que o presidente Feijóo presentara a empresa mexicana Pemex, como unha especie de “El Dorado” para Galicia.

Nun momento, ademais en que as taxas de desemprego eran literalmente insoportables nas comarcas máis industrializadas do país. Falou o presidente Feijóo dunha chuvia de contratos de construción de buques nos estaleiros galegos, tanto os privados en Vigo, como os públicos en Ferrol, ademais do establecemento dunha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de Punta Langosteira. Íanse a construír, floteis, buques para a flota menor, etc...

Estamos vendo que neste escenario de publicidade e propaganda, a realidade lamentablemente acaba por imporse. As perspectivas económicas mundiais estanse complicando de maneira acelerada, sobre todo dende a segunda metade do derradeiro 2015, afectando con especial intensidade a determinados sectores económicos e ás economías emerxentes.

Un dos máis afectados é o petrolífero; a continua baixada do prezo do petróleo dende fai ano e medio está levando a que algunhas das grandes empresas produtoras se vexan obrigadas a unha política radical de redución de custos.

Unha destas empresas é a mexicana Pemex que ten levado a cabo un fortísimo recorte de gastos, que recae sobre todo na inversión en refino, gastos correntes e contratas. Esta empresa mexicana acumulou ao peche do 2015 perdas de máis de 30.000 millóns de euros, o dobre do ano 2014.

Grupo Parlamentario

En Galicia, a pesares de ter anunciada a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 no estaleiro de Barreras (Vigo), no mes de novembro de 2016, vén de manifestar que non se vai construír este novo buque e que paraliza a futura, e non comezada, base loxística de Punta Langosteira (A Coruña).

Mentres, o Goberno galego, tan exuberante non seus discursos de propaganda nos primeiros tempos da aparición no horizonte económico galego de Pemex, agora busca desculpas nunha crise evidente, denunciada polos socialistas, pero ocultada polo Goberno galego.

O “El Dorado” Pemex reduciuse aos dous floteis construídos en Vigo e Ferrol, e iso si, a venda do 51 % do estaleiro Barreras (Vigo) a empresa mexicana por unha cantidade de euros na nosa opinión “de saldo”.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que momento coñeceu o Goberno galego a decisión de Pemex de conxelar todas as súas futuras, e publicitadas, inversións en Galicia?
2. Que valoración fai o Goberno galego do novo escenario ante os axustes empresariais da empresa Pemex?
3. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para que a empresa Pemex, de existir compromisos, os cumpra?
4. Ten recibido fondos públicos da Xunta a empresa Pemex, para as súas inversións en Galicia, tanto para a construción naval, como para a adquisición do estaleiro Barreras?
5. De telos recibido, cales teñen sido os mecanismos de control postos en marcha por parte da Administración autonómica?
6. Que plans alternativos pensa desenvolver a Xunta para suplir a carga de traballo que abandona Pemex?
7. Coñece a Xunta de Galicia as posibles transferencias de tecnoloxía que os nosos estaleiros teñan podido aportar a empresa Pemex?

 Grupo Parlamentario

8. De ser así, que valoración fai de ese proceso?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Juan Manuel Díaz Villoslada

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:12:37

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:12:44

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2018 12:12:50

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O plan anunciado polo novo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker continúa avanzando na súa materialización, e si ben, a idea inicial de formular, despois de fortes presións dende a esquerda europea, un *Plan de estímulo á economía europea* de ata 315.000 millóns de euros nun prazo de tres anos, tería que activarse a mediados do ano 2015, pero adiouse ata o comezo de 2016.

Mentres que o resto dos investimentos terán que ser de carácter privado; e mesmo os multiplicadores da inversión que se están a utilizar son na nosa opinión, excesivamente optimistas. Pero o certo é que os fondos, escasos, procedentes deste plan están aí e os diferentes gobernos deberían de mostrar, nun contexto social e económico como o actual, a maior dilixencia na súas propostas de planificación e xestión.

Este futuro plan que terá un paquete de inversión centrado en infraestruturas de transporte, I+D+i, banda ancha, enerxía e reindustrialización xa deixou en evidencia ao Goberno de España nun primeiro momento, por que o noso, foi o único país que presentou un listado de posibles proxectos, sen o mais mínimo apoio técnico, e mesmo descritivo. Mesmo recoñecendo a escaseza dos fondos públicos (21.000 millóns de euros), a España lle corresponderían algo máis de 2.000 millóns de euros, e a Galicia algo máis de 100 millóns de euros, en termos “per cápita”.

Se temos en conta que o ministro De Guindos declarou o 22 de decembro de 2014 que o importe dos proxectos españois para o *Plan Juncker* supoñen case 53.000 millóns de euros, un enfoque na nosa opinión excesivamente optimista, salvo que o Goberno de España faga unha forte aposta pola inversión pública que ata o de agora non fixo, a Galicia lle corresponderían inversións en torno aos 2.500 millóns de euros.

Xa a finais de 2016, os 28 acordaron ampliar o *Plan Juncker* ata 2020, cun novo obxectivo, mobilizar 500.000 millóns de euros de inversión para financiar novos proxectos. A idea é priorizar os destinos nas Pemes, o sector enerxético, investigación e desenvolvemento, sector dixital ou transportes.

Neste mesmo mes de febreiro de 2017, o Goberno de España vén de declarar que o nos país é o principal beneficiario do *Plan Juncker*, e considera moi satisfactorio que se teñan financiado no primeiro ano de aplicación 27 proxectos en España, cunha inversión total de 2.866 millóns de euros, o 11,55 % da cantidade mobilizada (falaríamos de en torno 140 millóns de euros que lle corresponderían a Galicia).

Sería imprescindible que ante estes novos escenarios, e tendo en conta a absoluta opacidade do Goberno galego en relación con estes fondos, tivera unha participación activa nunha nova planificación á hora de optimizar o rendemento económico e social das mesmas para a nosa poboación á hora do seu desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Recibiu o Goberno galego por parte do Goberno de España algunha petición de achegas de prioridades de inversión á hora de presentar os proxectos estatais para recibir axudas procedentes do *Plan Juncker*?
2. Producíronse reunións de traballo entre os dous gobernos e os axentes económicos privados en torno a este tema?
3. Cales foron os criterios e prioridades de inversión que formulou o Goberno galego, ante as demandas dos axentes económicos privados?
4. Foi receptivo o Goberno de España a estes criterios e prioridades de inversión?
5. Na fase de elaboración dos proxectos presentados polo Goberno de España, susceptibles de recibir axudas procedentes do Plan Juncker,

 Grupo Parlamentario

cal ten sido a participación do Goberno de Galicia no deseño dos que afectan a nosa comunidade?

6. Cal ten sido a participación dos axentes económicos privados no deseño destes proxectos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:13:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:13:10

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Un desgraciado suceso que vén de acontecer en Cataluña ten situado ao país de novo diante da dura realidade da pobreza enerxética. A desigual e débil saída da crise, ten efectos na maior parte das condicións de vida de grupos importantes da cidadanía, sexa a alimentación, a vivenda, o transporte ou a enerxía.

No caso da enerxía os comportamentos dos prezos son especialmente preocupantes, sobre todo nun contexto de estancamento do IPC. Así o recibo da luz encadea xa seis meses á alza e todas as análises apunta a novas subidas. No ano 2017, continúa a subir a enerxía, tirando á alza do IPC. Ademais o Tribunal Supremo anulou o réxime de financiamento do bono social da luz e obriga ao Goberno a asumir o desconto ás familias con menor renda.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou vén obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socio - económicos son en torno as 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, máis do 10 % da poboación, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos riscos que

iso comporta especialmente para as persoas con factores de risco máis alto, como nenos e nenas, anciáns e anciás ou doentes.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer ás persoas consumidoras máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado, na nosa opinión, tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen aos consumidores e consumidoras máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar sen calefacción, a lexislación española do último Goberno do Sr. Rajoy limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Cremos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais inste ao Goberno de España a aprobar unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Ante todo cremos que o Goberno galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema. Agora, antes do comezo dun novo inverno, a situación e si cabe, máis urxente.

Xa en 2009 a UE aprobou dúas directivas que instaban aos gobernos a aprobar plans contra a pobreza enerxética; dos 28 países membros, só 17 teñen lexislado ao respecto. España non só non o ten feito, senón que ten

 Grupo Parlamentario

tratado de impedir que outras administracións o fagan, por exemplo recorrendo un decreto da Generalitat de Catalunya sobre a materia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego das dificultades económicas que están pasando milleiros de galegos e galegas nesta recuperación económica débil e desigual?
2. Considera o Goberno galego que a chamada pobreza enerxética é un problema basicamente de carácter social?
3. Considera o Goberno galego que as medidas que ten tomado para combater este problema son suficientes?
4. Considera o Goberno galego que as liñas de actuación do Goberno de España neste eido, obstaculizan ou axudan as comunidades autónomas a abordar o problema?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:13:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:13:35

Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Nos primeiros días do mes de xaneiro do ano 2011, hai mais de sete anos, o presidente do ente público Portos de Galicia, José Manuel Álvarez-Campana, naquel momento, na súa visita a Cesantes (Redondela), presentaba por segunda vez un programa de investimentos na zona portuaria desta parroquia; acompañado por un amplo elenco do Partido Popular. Tratábase do Plan para a remodelación integral do Porto de Cesantes.

“Portos de Galicia investirá arredor de 6 millóns de euros na mellora e reordenación do porto de Cesantes”. Estas foron textualmente as palabras do Sr. Álvarez-Campana Gallo.

O programa incluía dez actuacións, deseñadas por Portos de Galicia, a executar nestas instalacións portuarias, co obxectivo de poñer en valor un porto que, ata o momento, sofre claras deficiencias, atopándose pouco aproveitado, pese ao seu potencial de actividade profesional. A máis destacada das achegas destinaríase á creación dun dique aboiante, orzamentado en 950.000 euros. Na zona de varada para *travellift* aportaríanse 900.000 euros, mentres que os departamentos para usuarios, necesarios para o traballo dos mariñeiros, suporían un investimento de 800.000 euros.

Portos de Galicia achegaría, así mesmo, 750.000 euros para o edificio de servizos náutico recreativos, có que se ampliaría a dimensión de actividade do porto redondelán, e 600.000 euros para a nova lonxa, único edificio construído. A Xunta destinou 608.039,98 euros á construción do inmovible, uns fondos que foron xestionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar, e cofinanciados pola Unión Europea a través do FEP (Fondo Europeo de Pesca) nun 75 %,

 Grupo Parlamentario

insistindo deste xeito no impulso á actividade profesional pesqueira das instalacións portuarias.

A mesma cantidade destinaríase tamén á demolición do dique actual, que sería substituído polo citado dique aboiante. Finalmente, para as pontes de paso de auga faría falta unha partida de 550.000 euros; a urbanización da contorna, doutros 500.000 euros; o dragado, de 250.000 euros; e a expropiación dunha parcela, necesaria para a ampliación das instalacións, de 100.000 euros. Todo isto que está por levar a cabo, constata unha vez máis que o Partido Popular segue instalado na publicidade e a propaganda, e falando sen rigor e compromiso, cando se aproximan eleccións.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia das obras pendentes para rematar a remodelación do Porto de Cesantes (Redondela)?
2. Mantéñense vías de comunicación co concello de Redondela á hora de definir e priorizar as obras pendentes?
3. Se é que fixeron trámites, tal e como afirma o concello de Redondela, por que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2017 non inclúen as obras pendentes no porto de Cesantes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia un calendario definido e pechado para rematar as obras pendentes no porto de Cesantes (Redondela), se for o caso, cal é?
5. Cales van ser as consignacións orzamentarias no ano 2018 por parte da Xunta de Galicia para rematar as obras pendentes no porto de Cesantes (Redondela)?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:13:47

María Dolores Toja Suárez na data 03/01/2018 12:13:52

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:13:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Comercio, Enerxía e Turismo**.

O fracaso do concurso eólico promovido polo Goberno do Sr. Feijóo no ano 2010 é un feito, a pesar da publicidade e a propaganda. En Galicia, dende 2010, tan só se instalaron 50 MW adicionais aos 3.200 xa en explotación. A Comunidade Autónoma ten pendente de desenvolvemento unha bolsa total de parques eólicos cunha potencia duns 2000 MW. Aínda que algúns aínda sen iniciar a súa tramitación.

Fai máis de dous anos que non se constrúe un novo parque eólico en Galicia. O último, púxose en marcha a finais de 2014, tras case un decenio de parálise no sector, que se mantivo nos últimos dous anos, a excepción de algunha pequena re-potenciación en instalacións antigas.

Fontes do Goberno galego sinalan que hai xa 24 parques autorizados ao amparo de esa macro-adxudicación, cunha potencia conxunta de 582,5 MW e unha inversión prevista de 740 millóns de euros, recordemos que se falaba no momento da aprobación de 6000 millóns de euros de investimentos e entorno aos 2400 MW de potencia instalados.

O pasado día 17 de maio, produciuse en Madrid una poxa de incentivos ás renovables. Aínda que as empresas promotoras non obterán primas para os parques que desenvolvan dentro desa convocatoria, xa que cobrarán a enerxía que xeren a prezo de mercado; asegúranse, un chan mínimo de 42 euros/MW, para os momentos nos que as cotizacións baixen demasiado. Atopámonos ante unha garantía que non existía nas anteriores poxas e que pode impulsar o desenvolvemento de proxectos pendentes en Galicia, como sinalan diversos axentes económicos. Nesta poxa, empresas que obtiveron potencia a instalar, como Enel, Gas Natural Fenosa ou Norvento, teñen xa adxudicada potencia do concurso do ano 2010, e mesmo potencia concedida de antes.

 Grupo Parlamentario

Coa nova ordenación estatal, estas empresas que tiveron adxudicacións no ano 2010, e que estean aínda pendentes de execución, necesitan obter MW nas poxas que organiza o Ministerio para desenvolver os seus parques, co que o resultado da última poxa pode ser unha boa ocasión para comezar a construír de novo parques eólicos en Galicia logo de anos de parálise total. En todo caso, no afán recentralizador do Goberno de España, as empresas que obtiveron MW na poxa non teñen absoluta liberdade para decidir onde situarán os seus parques porque a decisión non depende só das empresas. Elas propoñen a mesma, pero é o Ministerio de Enerxía quen ten que facer a derradeira autorización.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Mantivo contactos o Goberno galego co Goberno de España á hora de definir os parámetros da poxa de incentivos ás renovables celebrada o 17 de maio?
2. De ser así, cal era a posición do Goberno de Galicia?
3. Que valoración fai o Goberno galego do resultado da poxa?
4. Ten establecido contactos o Goberno galego coas empresas que tiveron adxudicacións de MW eólicos nesta poxa, e que xa tiña concedidos MW no concurso eólico de 2010?
5. Que vai a acontecer cos plans industriais vencellados ás concesións de MW no concurso de 2010?
6. Nos casos de Enel e Gas Natural Fenosa, que teñen posibilidades de instalarse noutras comunidades autónomas, vai desenvolver algunha estratexia concreta o Goberno galego?
7. Vai solicitar o Goberno galego ao Goberno de España, que despois de case 10 anos de parálise do sector eólico, favoreza a instalación de parques eólicos en Galicia a aquelas empresas vencedoras na poxa, e que teñen parques autorizados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:14:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:14:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez , José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalía, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.

 Grupo Parlamentario

Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrasteiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten avaliado a Xunta de Galicia neste último ano o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros?
2. En caso de non ser así, ten pensado facelo?
3. Si xa se ten producido algunha xuntanza, cal é a posición da Xunta de Galicia a hora de apoiar a este sector ante as anunciadas posibles inversións da flota pesqueira de altura?
4. Ten algunha estratexia definida a curto e medio prazo?
5. Cales serían as liñas de apoio principais que conformarían esta estratexia?
6. Ten mantido contacto cos diversos organismos do Goberno de España que se poderían involucrar no proxecto?
7. E cos organismos europeos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

María Dolores Toja Suárez

Julio Torrado Quintela

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:14:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:14:35

María Dolores Toja Suárez na data 03/01/2018 12:14:40

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:14:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A concepción do poder político e da administración como patrimonio propio por parte da dereita neste país é desgraciadamente habitual. Pero o certo é que cada día acadamos novos niveis de nepotismo e desprestixio.

Aproveitando dunha maneira absolutamente desprezable, os problemas que viven os veciños e veciñas de Nigrán despois da vaga de lumes de fai un mes, agravada pola absoluta incapacidade de xestión da Xunta de Galicia, o Partido Popular vén de utilizar eses problemas, para tentar apañar uns cantos votos, utilizando recursos e empregados públicos.

O día 16 de novembro pola mañá, polo tanto en horario laboral, se convoca unha xuntanza con veciños e veciñas na sede dunha asociación que preside a presidenta local do PP. Nesta reunión, que presentou a propia presidenta do PP de Nigrán, estivo presente o delegado da Xunta de Galicia en Vigo que daría a palabra aos técnicos da administración autonómica.

Ese mesmo día, o PP de Nigrán distribúe unha nota de prensa, na que ademais de nomear aos xefes territoriais e xefes de servizo presentes na mesma, sinalou que a reunión tiña sido moi proveitosa e propón que a sede do Partido Popular se converta nun lugar de asesoramento para calquera persoa afectada que non estivera na reunión.

E declara ademais que está a disposición de calquera veciño/veciña para solucionar dúbidas, manifestado a vantaxe do seu contacto directo cos técnicos e demais persoas competentes, o que axilizará a súa resposta rápida.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno galego da xuntanza que mantiveron responsables políticos e técnicos da Xunta de Galicia con veciños e veciñas de Nigrán o día 16 de novembro de 2017?
2. Autorizou o Goberno galego esta xuntanza?
3. Quen autorizou que funcionarios públicos e funcionarias públicas se desprazaran en horario laboral a este tipo de reunións?
4. Cobraron dietas de desprazamento estes funcionarios e funcionarias?
5. Autorizou o Goberno galego que a sede do Partido Popular en Nigrán se converta nun centro de intermediación entre a cidadanía e a Xunta de Galicia?
6. Considera o Goberno galego que é defendible que o Partido Popular faga electoralismo en Nigrán, aproveitando o drama dos afectados pola vaga de lumes?
7. Considera o Goberno galego que é defendible que o Partido Popular faga uso das relacións privilexiadas co goberno galego para interferir en resolucións administrativas?
8. Considera o Goberno galego que é defendible que o Partido Popular faga uso das relacións privilexiadas co Goberno galego para acelerar as resolucións administrativas?
9. Que valoración fai o Goberno galego da convocatoria dunha xuntanza con veciños e veciñas en Nigrán na que se ofrece a intermediación do Partido Popular, para axilizar e resolver favorablemente axudas de carácter público?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:15:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:15:06

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2018 12:15:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2018 12:15:15

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Fai máis dun ano, a conselleira de Infraestruturas informou ao alcalde de Tui dos avances no proxecto para a construción dunha rotonda de acceso á depuradora de Guillarei. Un proxecto que ten como obxectivo mellorar a seguridade viaria na zona, consta dun orzamento de preto de 200.000 euros, cunha actuación que consiste na transformación da intersección de acceso á depuradora nunha glorieta, no punto quilométrico 1+900 da estrada que une Guillarei e Salvaterra de Miño (PO-404).

Na habitual campaña de propaganda do goberno de Núñez Feijóo, o delegado da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra, o Sr. Cores Tourís, seis meses despois expuxo de novo ao alcalde de Tui, a necesidade de que se axilice a execución da rotonda de acceso á EDAR de Guillarei, de cara a mellorar a seguridade viaria neste punto.

Estamos a referirnos a unha obra comprometida cando se inaugurou a depuradora, no ano 2010, e que sigue sen levarse a cabo; e lamentablemente tampouco aparecen fondos nos orzamentos dos derradeiros anos. Un feito que se agrava polo voto en contra do Partido Popular as emendas que presentamos dende o Partido Socialista, que no orzamento para 2017 foi de 200.000 euros.

Resulta especialmente grave este retraso, por que o concello de Tui abordou a construción dunha obra complementaria a dita rotonda, cun notable esforzo financeiro, nun momento es que as políticas económicas do goberno do Sr. Rajoy teñen absolutamente afogados aos concellos en termos de financiamento.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que está priorizando axeitadamente aquelas actuacións que pretenden resolver carencias na rede viaria autonómica co obxectivo de proporcionar unhas estradas cómodas e seguras á cidadanía?
2. Considera a Xunta de Galicia importante para a conectividade da zona a construción dunha glorieta, no punto quilométrico 1.900 da estrada que une Guillarei e Salvaterra de Miño (PO-404), para facilitar o acceso a EDAR de Guillarei (Tui)?
3. De ser así, cal é a razón no retraso na construción da mesma?
4. En que estado se atopa neste momento o expediente?
5. Que prazo manexa a Xunta de Galicia para iniciar estas obras?
6. Que prazo manexa a Xunta de Galicia para rematar as mesmas?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Patricia Vilán Lorenzo

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:15:29

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:15:35

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:15:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:15:45

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Dende mediados do ano 2016 Galicia está a sufrir unha preocupante seca. As dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) están en prealerta, estado que se activa cando os indicadores descenden moi por baixo dos valores medios históricos, polo que é convinte extremar o control.

No caso da demarcación Galicia-Costa, falamos da xestión competencia da Xunta de Galicia. No caso da maior cidade de Galicia en termos demográficos, case 300.000 habitantes, a situación é grave. Os encoros de Vigo teñen auga para pouco máis de dous meses, e o concello vén de anunciar que será necesario activar en poucos días a fase de "escaseza severa" do plan de emerxencias municipal para situacións de seca.

O encoro de Eiras atópase ao 35,4 % da súa capacidade, e o de Zamáns está ao 36,7 %. Resulta polo tanto imprescindible, segundo as persoas técnicas municipais establecer o caudal ecolóxico de 150 litros/segundo fronte aos 595 litros/segundo que actualmente están verténdose ao mar. O concello de Vigo e os concellos da súa área urbana, xa están facendo un aforro excepcional de auga. Dende 2011, Vigo reduciu o seu consumo nun 13 %, mentres que en outubro e o que vai de novembro, o aforro é de mais do 7 %.

Lamentablemente, esta políticas de aforro, non teñen a contrapartida necesaria na actuación da Administración autonómica. A Xunta de Galicia non ten aceptado reducir o caudal ecolóxico, nin ten acometido actuacións como a construción dun “azud” (transvase). Estase tirando auga ao mar, en lugar de aumentar as aportacións ao encoro de Eiras.

Na opinión dos técnicos municipais, a Xunta de Galicia toma decisións que empeoran unha situación xa de por si complicada, cunha actuación negligente, xa que o caudal ecolóxico do encoro de Eiras foi incrementado

Grupo Parlamentario

no pasado mes de outubro, a pesar da petición do Concello de Vigo de reduci-lo.

A desigualdade de trato é evidente fronte a outros núcleos urbanos de Galicia, dende o “azud” que se vén solicitando para aumentar a capacidade de almacenamento do encoro de Eiras, cuestión a que a Xunta de Galicia non acaba de dar resposta, así como a modificación do caudal ecolóxico.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que estudos de carácter técnico ten desenvolvido a Xunta de Galicia para garantir o subministro de auga aos núcleos urbanos de Galicia?
2. A que conclusións chegan eses estudos?
3. Estando aplicando esas conclusións as distintas cidades de Galicia?
4. Estando tendo en conta as solicitudes dos gobernos municipais á hora de garantir o subministro de auga ás cidades?
5. Que medidas xerais pensa adoptar a Xunta de Galicia para os núcleos urbanos afectados pola situación da seca que está a padecer Galicia?
6. Que medidas específicas pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a situación de alerta pola seca que está a padecer Vigo e a súa área urbana?
7. Considera a Xunta de Galicia que o trato ante as situacións de seca que sofren as diferentes cidades está sendo xusto e igualitario?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:16:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:16:58

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:17:02

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:17:06

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O SUP (Sindicato Unificado de Policía) manifesta que a flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia atópase na "situación máis precaria dende a súa creación, fai xa máis de 25 anos".

Na Xefatura de Santiago de Compostela, 33 vehículos, de un total de 45, teñen máis de 10 anos de antigüidade, o 73 %. Na da Coruña, 5 vehículos de un total de 12, superan os 10 anos, o 42 %. En Lugo son 6 de 12 vehículos, os que teñen una antigüidade superior a 10 anos, o 50 %. En Ourense, teñen máis de 10 anos, 13 dos 18 vehículos, o 72 %. En Pontevedra, son 7 de 13 vehículos los que superan los 10 años, o 54 %. E por último, en Vigo, 9 dos 13 vehículos adscritos a esa unidade teñen máis de 10 anos, o 70 %.

En total, de 113 vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, 73 teñen máis de dez anos de antigüidade, dous de cada tres.

Tanto a Dirección Xeral de Tráfico, como os expertos aseguran que, coa maior antigüidade do vehículo, aumenta notablemente o risco de un accidente grave con consecuencias irreparables para as persoas.

Esta información contrastada, non é compatible coa existencia de vehículos con 18 anos de uso e mais de 350.000 quilómetros realizados.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da obsolescencia da maior parte da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo novos plans de substitución da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
3. De existir, cales son eses plans de renovación da flota de vehículos policiais de esta Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
4. Cal é a cronoloxía e a dotación orzamentaria de estes plans de renovación?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:17:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:17:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2018 12:17:32

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os problemas de mobilidades das persoas en Galicia veñen de lonxe. Neste caso falamos do persoal sanitario dos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro que viven nos concellos da comarca do Baixo Miño e que levan dende o 31 de decembro sen servizo de transporte. Parece que a empresa que realizaba o servizo suspendeu os traxectos pola falla dun permiso de mobilidade da Xunta de Galicia.

Segundo a versión da empresa, esta deixaría de prestar este servizo a partires do 31 de decembro por orde da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Mobilidade ante a falla dun permiso de autorización de transporte, o que provocou tamén que a empresa recibira varias denuncias. As e os traballadores sanitarios que empregan este servizo terán que buscar outras solucións que sempre serán mais custosas para eles, e no caso de ter que desprazarse en coches particulares aumentará o risco de sufrir un accidente. Lamentablemente, existen dificultades obxectivas de transporte das e dos traballadores do Baixo Miño a área urbana de Vigo, e a Xunta de Galicia non ten desenvolvido medidas eficaces para melloralas.

É necesario compatibilizar os horarios das tres quendas de traballo nos hospitais co transporte das e dos traballadores, algo que as concesións administrativas autonómicas non fan; polo tanto a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia debería de facilitar todo o posible os trámites para garantir este servizo.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas de mobilidade que ten o persoal sanitario dos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro que viven nos concellos da comarca do Baixo Miño?
2. Tense posto en contacto a Administración autonómica coa empresa que realizaba este servizo?
3. Que outras xestións ten feito?
4. Cales son as solucións que ten pensado desenvolver a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de transporte destas e destes traballadores?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:17:55

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:18:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:18:07

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:18:11

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A dinámica de publicidade e propaganda abarca todos os aspectos da acción política dos gobernos presididos polo Sr. Núñez Feijóo. En moitos casos, ademais, aceptando, e disfrazando, decisións políticas do goberno amigo do Sr. Rajoy.

Un exemplo ilustrativo de estas políticas é o caso de Sogama. De feito, os socialistas, xa en 2013, solicitamos unha auditoría que aclarase as contas de Sogama e a xestión medioambiental tras a suba do canon do lixo.

Así o Goberno do Estado reclamou 11 millóns de euros nos tribunais e recorreu as decisións tomadas pola Xunta nunha nefasta xestión, que evidencia a debilidade financeira da sociedade.

A pesares de todos estes problemas, os “*Power Point*” continuaban producíndose, e neles, seguían presentándose que na compañía se pretende a implantación de un novo marco contractual que permita mellorar as condicións económicas dos servizos e subministros, mediante o agrupamento de algúns dos contratos vixentes con provedores, aproveitando sinerxias, derivadas das economías a escala que permitan reducir os custos de estrutura aos posibles adxudicatarios dos mesmos.

Dende a compañía preténdese establecer, na medida do posible, mecanismos que permitan a contención de custos laborais derivados de la revisión de los convenios colectivos; así como a optimización dos custos de transporte, integrando os fluxos por tren e estrada nun único contrato (que incentive a redución de custos); así como o estudo de novas alternativas de transporte diferentes as actuais, potenciando procesos máis eficientes e menos contaminantes.

 Grupo Parlamentario

Así en febreiro de 2016, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) adxudicou a Renfe, e COPASA, o servizo de xestión, recollida e transporte de residuos ata a planta da empresa pública en Cerceda (A Coruña), por 131 millóns de euros máis IVE.

Este servizo o viña prestando a empresa Transportes Pellejero e Hijos, o prego de condicións, xa problemático na súa elaboración, pretendía basicamente reducir os custos do novo adxudicatario; nesta liña de redución de custos, a cargo sobre todo das condicións laborais, se subcontractou o traballo a outra empresa, Transportes Pacholo.

As condicións laborais teñen empeorado notablemente; máis horas de traballo, reducións salariais de ata o 40 %, dificultades na prevención de riscos laborais e todos os demais elementos que progresivamente precarizan os servizos de carácter público que prestan empresas privadas.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno autonómico dos problemas laborais de todo tipo que están a padecer os traballadores encargados do transporte por estrada dos residuos urbanos a Sogama?
2. Ten mantido algunha xuntanza para abordar estas cuestións coa UTE adxudicataria, Renfe e COPASA?
3. Ten mantido algunha xuntanza para abordar estas cuestións coa empresa subcontractada Transportes Pacholo?
4. De non ser así, ten pensado facelo?
5. Considera a Xunta de Galicia que un servizo estratéxico, como é o transporte de residuos por estrada, pode estar sometido a condicións laborais impropias dun estado de dereito moderno membro da Unión Europea?
6. Ten pensado facer algo para corrixir a situación laboral destes traballadores?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:18:26

Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2018 12:18:31

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:18:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A chegada de Donald Trump á Presidencia dos Estados Unidos de América está introducindo elevados niveis de incerteza en moitas actividades económicas, pero con poucos sectores ten sido tan claro como coa industria da automoción, no só do seu país, senón tamén coas empresas no estranxeiro.

Unha deriva proteccionista que está a afectar fundamentalmente a industria automotriz de México, ameazando con impor "grandes aranceis" aos fabricantes estadounidenses Ford e General Motors (GM), o xaponés Toyota, si seguen ensamblando os seus vehículos fora de EE.UU. e os venden no seu país. Así, Ford xa cancelou unha inversión de 1.600 millóns de \$ para unha planta en México.

Neste momento, a industria automotriz é un símbolo do estatus do sector industrial en calquera parte do mundo. En Galicia, o Grupo PSA é un tecido industrial moi competitivo en torno ás auxiliares da automoción, teñen acadado un grande de competitividade internacional moi elevado.

De feito, a industria galega auxiliar da automoción ten situado en México un dos seus focos máis importantes de expansión. México superou en 2010 os dous millóns de vehículos producidos; en 2015 superou os 3,25 millóns e as proxeccións eran que antes de 2020 supere os 5 millóns.

Pero fronte a estas expectativas de crecemento, os riscos para a industria mexicana de automoción son neste momento moi elevados, xa que pode haber un efecto dominó en outras compañías e industrias que sigan o exemplo.

Aínda que México non é o maior exportador de vehículos a EE.UU., pois Xapón, Alemaña e Canadá disputan o primeiro lugar, ten algunhas

 Grupo Parlamentario

vantaxes respecto a outros países. Por un lado, ten máis de 40 tratados de libre comercio con diferentes países e a Unión Europea, que lle permiten importar materias primas con aranceis preferenciais, e por outra, é parte do Tratado de Libre Comercio de América del Norte (TLCAN), e así os vehículos feitos en México poden pasar a través da fronteira USA sen pagar impostos.

Estas son as razóns polas que a industria automotriz de México está no punto de mira do novo goberno dos Estados Unidos, o que engade un elemento importante de incerteza máis ao sector galego das auxiliares da automoción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia do impacto que as políticas comerciais anunciadas polo presidente dos USA, Donald Trump, poden ter no sector da automoción galego?
2. Ten mantido contactos o Goberno galego con PSA e coas empresas auxiliares da automoción en relación con este novo escenario?
3. Ten mantido contactos o Goberno galego cos sindicatos que teñen representación no sector da fabricación de vehículos e as empresas auxiliares?
4. Está elaborando a Xunta de Galicia algunha estratexia de actuación, xunto coas empresas e sindicatos, ante o posible impacto no mercado mundial de automóviles e os seus compoñentes?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:18:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:18:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Durante as últimas semanas de decembro producíronse nos centros hospitalarios de Galicia unha sucesión de problemas derivados da acumulación de pacientes con problemas asociados a episodios gripais, que supuxeron unha saturación dos servizos de urxencias dos centros. O problema tivo diversas consecuencias negativas na capacidade operativa dos propios servizos, minorados en recursos persoais e materiais por decisións de xestión que non foron quen de prever con acerto as necesidades que se produciron, sendo a chegada da gripe un problema estacional previsible.

Este problema prodúcese dun ou outro xeito dende hai varios anos, agravándose nos casos máis recentes polos citados motivos dos déficits de recursos materiais e humanos. Fundamentalmente a ausencia de persoal, pola errática planificación de recursos existentes deseñada pola Consellería de Sanidade, da lugar á sobreesaturación dos e das profesionais que desempeñan o seu labor. Esta falta de profesionais provoca, directamente, a infrautilización das camas existentes nos hospitais porque non existe persoal suficiente para atendelas e, por tanto, non poden ser atendidas correctamente as persoas que poderían ingresar nesas estancias.

Este dobre problema provoca atencións e esperas en corredores, demoras prolongadas, sobreesforzo dos e das profesionais e continua e progresiva acumulación de pacientes que impiden unha correcta atención.

O déficit no número de profesionais atinxe tamén a atención primaria, na que dificilmente se cobren as substitucións necesarias por baixas ou vacacións dos profesionais, polo que os servizos de atención primaria atópanse tamén nunha situación precaria e non son solución para

 Grupo Parlamentario

moitos pacientes que terminan por acudir directamente ao hospital, provocándose entón os problemas descritos.

Estas situacións provocaron, incluso, un tímido intento de explicacións e petición de desculpas por parte do presidente da Xunta de Galicia a mediados do mes de decembro, sen que houbera máis información sobre as medidas que tomaron a partir dese momento nin se existía a consideración de responsabilidade polo sucedido nalgún/s dirixentes da consellería.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego os problemas acontecidos nos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe e a saturación dos centros?
2. Que medidas extraordinarias se tomaron a partir do recoñecemento do presidente da Xunta de Galicia para solventar os problemas existentes?
3. Como explica o Goberno galego a existencia de novos e reincidentes problemas nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios galegos despois de que o presidente Núñez Feijoo recoñecera erros na planificación e asegurara melloras nos servizos?
4. Por que non existiu unha previsión adecuada que permitira aos servizos hospitalarios estar suficientemente preparados en termos de persoal e recursos materiais?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:43:16

Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2018 12:43:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o ano 2001 hai nas 7 grandes cidades de Galicia unha Rede de Puntos de Encontro Familiares dependentes da Xunta de Galicia, co fin de garantir un lugar axeitado para as relacións materno/paterno-filial e asegurar o benestar e a seguridade dos e das menores de familias en situacións de conflito, cando nunha situación de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas resulta difícil ou conflitivo.

En Pontevedra, o punto de encontro atópase na actualidade no edificio da Delegación Provincial de Sanidade e serve para dar asistencia a todos aqueles supostos que se establecen polos xulgados do partido xudicial de Pontevedra ou pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social, sempre que sexa o punto máis próximo ao domicilio do ou da menor. A escasa superficie deste local impide que estean máis de dúas ou tres familias á vez. Neste momento existe unha lista de espera de máis de vinte familias. O cadro de persoal é moi reducido. E, sobre todo, a localización do punto de encontro non é a máis axeitada, pois implica posibles riscos ao acceder a el por un camiño non iluminado e que ten detrás un xardín sen saída e as fins de semana ten a saída de emerxencia inutilizada, xa que dá ao edificio de Sanidade, pechado sábados e domingos.

No mes de novembro do pasado ano, o vicepresidente e o conselleiro de Facenda presentaban en Pontevedra o proxecto de rehabilitación do edificio que é propiedade da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal e anunciaban a finalización da obra en marzo de 2019. Son case 1200 metros cadrados e o Goberno galego ten previsto que as súas obras rematen en marzo de 2019, coa idea de que diferentes colectivos ocupen os espazos, que terán entradas independentes. Este grupo

 Grupo Parlamentario

parlamentario entende que o Punto de Encontro de Pontevedra podería ter o seu sitio no novo edificio, por ser máis idóneo para a actividade que desenvolve e garantir os dereitos dos usuarios e usuarias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos problemas derivados da situación do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra?
2. Concorde o Goberno galego con que o Punto de Encontro Familiar de Pontevedra sexa trasladado ao novo edificio que vai ser rehabilitado na rúa Benito Corbal?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:46:22

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:46:29

Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2018 12:46:34

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:46:39

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O artigo 45 da Constitución Española contempla a protección do medio ambiente como un dos principios reitores das políticas sociais e económicas. E o artigo 130 da mesma norma consagra a obriga dos poderes públicos de atender a modernización e o desenvolvemento de todos os sectores da economía, pero debe ser compaxinado necesariamente coa protección do medio ambiente.

Galicia está na obriga de se preparar para unha seca que será máis frecuente e intensa polo cambio climático, que debe crear conciencia na poboación e que teñen pagado nestes últimos meses os sectores turístico e agrogandeiro, con importantes perdas económicas. As nosas reservas hídricas nos encoros estaban en decembro de 2017 un 20 % por debaixo do habitual, cun déficit de precipitacións de case o 50 % no que ía de ano hidrolóxico. Os responsables das dúas principais demarcacións hidrográficas galegas din que están a traballar en dúas supostas estratexias, unha a corto prazo (o traballo do Goberno cos concellos) e outra a longo prazo (de loita fronte ao cambio climático).

Non hai datos de como van esas supostas estratexias, cando o certo é que hai medidas de consumo responsable que as administracións deberían estar a planificar e aplicar xa, tales como:

- a) Xestionar o entorno das correntes de auga.
- b) Respetar os caudais ecolóxicos.
- c) Xestionar o uso diario da auga de consumo, comezando polos edificios públicos.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- d) Sectorizar as redes de abastecemento, usar técnicas avanzadas en busca de fugas e regular a presión da rede en función da demanda.
- e) Dar prioridade aos procesos de potabilización.
- f) Traballar coas empresas e os grandes consumidores para mellorar a súa *ratio* de gasto.
- g) Elaborar campañas de concienciación para os consumidores finais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1. Cales son os resultados dos traballos da estratexia a curto prazo fronte a seca na que está a traballar a demarcación hidrográfica Galicia-Costa?
- 2. Cales son os resultados dos traballos da estratexia a longo prazo fronte a seca na que está a traballar a demarcación hidrográfica Galicia-Costa?
- 3. Que medidas de consumo responsable de auga está a planificar e desenvolver o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2018 12:48:23

José Antonio Quiroga Díaz na data 03/01/2018 12:48:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:48:34

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2018 12:48:39

María Luisa Pierres López na data 03/01/2018 12:48:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

beneficiaria dunha subvención vencellada ao programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

- Coñece o goberno galego xustificación para a contía comprometida a través da resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013?

- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes? Ten avaliado se a xestión de fondos públicos do centro de Viana do Bolo cumpre coas garantías esixíbeis?

- Ten pensado o goberno galego levar a cabo algún tipo de inspección ou auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 12:33:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 12:34:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 12:34:09

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 12:34:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:53
Nº Rexistro: 22080
Data envío: 03/01/2018 12:53:34.191

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 12:34:17

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 12:34:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O monte de A Lanzada foi declarado como veciñal en man común o día 22 de xuño de 1989. Con data de 22/1/1994, o Concello de O Grove presenta, diante da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galiza, a petición da revisión de oficio da declaración do monte veciñal de A Lanzada, alegando un defecto de forma. Tal defecto consiste en que no proceso de declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común, o concello de O Grove non foi consultado.

Logo de varias desestimacións do recurso presentado polo Concello de O Grove, con data 5 de maio de 2011, un auto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, declara nula a declaración do monte de A Lanzada como de veciñal en man común e obriga ao Xurado Provincial de clasificación a revisar o acordo da declaración.

O día 14 de xuño de 2017, o Xurado de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, co voto en contra do representante das comunidades de montes da provincia de Pontevedra, declarou como non veciñal o monte de A Lanzada na parroquia de Noalla, no concello de Sanxenxo, revocando unha sentenza do mesmo organismo de data xuño de 1989.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

O informe máis negativo, e determinante para non declaración do monte veciñal de A Lanzada como veciñal en man común, foi o do Servizo Provincial de Montes, organismo da Consellería de Medio Rural, e consideramos que obrigado a velar pola integración e conservación dos montes veciñais.

Afirma o citado informe que non se pode declarar o monte como de veciñal en man común xa que **os usos actuais do mesmo, non son forestais**. Claro que o artigo da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente di que os montes veciñais sono, independentemente dos seus usos actuais.

De igual xeito irregular dá validez a que o monte de A Lanzada estea no rexistro de bens do concello de O Grove cando o **artigo 27 do regulamento da lei de montes veciñais** di que o feito de que un monte estea rexistrado a favor de terceiros, non é impedimento para a clasificación do mesmo como de veciñal en man común.

Igualmente argumenta que non se pode declarar o monte como veciñal por se atopar dentro da Rede Natura cando estar nesta figura de protección medioambiental pode hipotecar usos pero non pode cuestionar a propiedade.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Por que o Xurado Provincial de Pontevedra de clasificación de montes veciñais en man común, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, cambiou os criterios (incumprindo os preceptos da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente) e desclasificou o monte veciñal en man común de Noalla?

-Que intereses ocultos, ou non ocultos, existen para que o Xurado provincial de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

clasificación de montes veciñais de Pontevedra, incumprindo os preceptos de lei de montes veciñais, desclasifícase o monte de Noalla, como veciñal en man común?

-Está a Consellería ó tanto de que se trata dun anaco de monte que pola súa situación xeográfica ten un alto valor especulativo, que xa fora obxecto, antes da súa devolución á propiedade comunal, de proxectos urbanísticos e que continúa a ter esa imaxe de posible especulación?

-Cal é o posicionamento actual da Consellería a respecto do Monte de A Lanzada?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22086
Data envío: 03/01/2018 13:19:41.612

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 13:19:00

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 13:19:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 13:19:11

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 13:19:13

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 13:19:14

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 13:19:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:23
Nº Rexistro: 22088
Data envío: 03/01/2018 13:23:52.395

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral e á suba dos prezos de diferentes elementos. Especial importancia ten, neste sentido, a desproporcionada suba de prezo que experimentou a factura da luz no inicio de 2017 e que pode acadar, en palabras do propio goberno do Estado español, un incremento de até cen euros no ano.

A electricidade é un ben básico e de primeira necesidade cuxa imprescindibilidade se acentúa nos meses de inverno, cando é necesario combater o descenso das temperaturas e que todas as persoas poidan garantir unhas condicións mínimas para a súa saúde e o desenvolvemento dunha vida digna. Polo tanto, as administracións deben intervir e comprometerse con poñer en marcha medidas que encamiñen cara un abaratamento da electricidade para garantir a súa accesibilidade.

Neste sentido, en paralelo á vaga de frío de xaneiro puidemos observar sucesivos anuncios por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital no que se atribuían a potestade de baixar a electricidade intervindo no prezo do gas. Porén ficou nunha nova cortina de fume por parte do Partido Popular en canto que abala un sistema



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:23
Nº Rexistro: 22088
Data envío: 03/01/2018 13:23:52.395

eléctrico opaco e sen lóxica social nin territorial, tal e como temos denunciado desde o nacionalismo galego.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que sería urxente modificar por enteiro o regulamento do sistema eléctrico e intervir nun oligopolio absolutamente afastado da transparencia e caracterizado pola irracionalidade no aspecto social e no aspecto territorial. Neste sentido, temos reclamado que se recoñecemos todas e todos os axentes políticos e sociais que a electricidade é un ben de primeira necesidade, carece de toda lóxica que a situación socioeconómica das persoas non teña correlación cunha progresividade na factura eléctrica dunha forma contundente e non con medidas parche que non conducen a unha superación da situación de vulnerabilidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado sen criterios racionais que avalíen custos de transporte, de produción ou de impacto nos territorios de transformación. Isto é froito das mesmas decisións políticas que vetan o debate sobre unha posíbel tarifa eléctrica galega que beneficie a empresas e consumidoras domésticas por sermos unha nación excedentaria canto á produción.

As empresas xeradoras de enerxía eléctrica ingresaron, no momento de asinar esta iniciativa a finais de xaneiro, até 1.000 millóns de euros pola venda de electricidade, un 131€ a respecto do ano anterior no que tiñan recadado no mesmo período 433 millóns. É indubidábel, pois, que trala suba de prezos do último mes as eléctricas obtiveron máis de vinte millóns diarios a maiores en comparación co ano precedente segundo datos da OMIE. Trasladado á factura das persoas consumidoras, isto pode derivar nun incremento próximo ao 30% para a media xeral segundo datos da Axencia Provincial de Enerxía.

Ollando á factura da electricidade, malia a súa opacidade, podemos observar como inclúe un imposto especial da electricidade, ese 5'11% que se aplica en última



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:23
Nº Rexistro: 22088
Data envío: 03/01/2018 13:23:52.395

instancia sobre todos os conceptos do recibo eléctrico coa única excepción do alugueiro dos contadores. Ademais, sobre o conxunto da factura, tamén sobre o imposto que acabamos de describir, aplícase un IVE do 21% o que supón un dobre pagamento. Un IVE, ademais, superior no Estado español ao da media europea segundo unha análise da Axencia Internacional da Enerxía (AIE) que elaborou un estudo cunha mostra de 21 países da Unión Europea e que sitúa o recibo que pagamos en tres puntos por riba da media, que se atopa no 18%.

Lonxe de establecer medidas diante do incremento da luz no ano 2017, o ano no que a luz acadou o prezo máis alto da década chegando a incrementarse nun 31%, o goberno central camiñou na dirección contraria tomando decisións como a conxelación das peaxes.

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2018 13:35:54

Raúl Fernández Fernández na data 04/01/2018 13:35:59

María Luisa Pierres López na data 04/01/2018 13:36:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2018 13:36:08

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo, e para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.

Segundo os datos oficiais do Observatorio Estatal de Condiciones del Trabajo, de setembro 2016 a agosto 2017 Galicia soportou un índice de incidencia de accidentes mortais (número de accidentes de traballo mortais/Poboación Afiliada) x 100.000) de 7,8, máis do dobre da media estatal.

O Grupo Parlamentario Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas, que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte aos dramáticos datos de siniestralidade laboral, o Goberno de Feijoo reduciu os orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). O proxecto de orzamentos do ano 2018 da Xunta de Galicia para o ISSGA é un 41,7 % menor que o do ano 2009, cando a partida que se dedicaba era de 10.682.331 €.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución da siniestralidade laboral en Galicia?
2. Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha medidas para reducir o número de falecementos causados por accidente laboral?
3. En caso afirmativo, que medidas ten previsto implementar?
4. Que cronograma ten previsto o Goberno galego para a adopción de medidas que reduzan a siniestralidade laboral en Galicia?
5. Por que reduciu a Xunta de Galicia a partida orzamentaria dedicada a prevención de riscos laborais?
6. Ten previsto o Goberno galego reforzar o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral?
7. Vai a Xunta de Galicia durante a X lexislatura a potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2018 13:37:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/01/2018 13:38:03

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2018 13:38:08

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello da Xunta de Galicia, aprobaba o 29 de xuño, un Anteproxecto de lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social, para permitir levar a cabo este ano accións en diversos eidos por un importe de 228 millóns de euros.

O 11 de xullo, o Parlamento de Galicia aprobaba este Proxecto de lei de modificación dos orzamentos, a través dunha lei debatida polo procedemento de lectura única que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que furta o debate político dunha modificación fundamental que altera os orzamentos, que en realidade é unha pura operación de márketing, forzando á oposición a aceptar ou rexeitar unha alteración das contas públicas, sen a posibilidade de presentar emendas.

A lei recoñecía o que as e os socialistas viñamos avisando dende hai tempo, que as partidas para gasto social resultaban insuficientes, polo que presentamos unha emenda á totalidade para reclamar o incremento ata chegar os 400 millóns adicionais, solicitando ademais a devolución da mesma tanto polo mecanismo utilizado para o seu debate, así como polo contido da mesma. Este incremento que pedíamos incluía os 60 millóns adicionais de endebedamento permitidos no CPFF, ademais de aumentar en 40 millóns os programas sociais, con 20 millóns adicionais para a Risga e Dependencia, que se sumarían aos xa previstos pola Xunta de Galicia.

Dentro das actuacións contidas neste proxecto de lei anunciábase a disposición por parte do Goberno galego, no artigo 3 apartado “e”, de 11 millóns de euros cos que se realizarían programas de interese xeral para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do

 Grupo Parlamentario

IRPF. En concreto a partida orzamentaria á que nos referimos, de 11.453.784 € estaba incluída nos orzamentos na sección 12-servizo 5-programa 312 F-concepto 4800-programas de interese social IRPF.

Na execución orzamentaria a 30 de setembro de 2017, comprobamos como se suprimiran dese programa 10 millóns de euros.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que suprimiu a Xunta de Galicia dez millóns de euros do incremento do gasto social para programas de interese xeral, para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF?
2. Tivo o Goberno galego, durante o ano 2017, algunha dificultade para dispor de dita partida orzamentaria?
3. En caso afirmativo, a que se debeu?
4. Sabía a Xunta de Galicia da dificultade e ou imposibilidade de dispor da partida orzamentaria dedicada ao incremento do gasto social para programas de interese xeral, para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF?
5. En caso afirmativo, por que a anunciou e a incluíu no Anteproxecto de lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2018 13:39:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2018 13:40:03

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/01/2018 13:40:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:45
Nº Rexistro: 22229
Data envío: 04/01/2018 13:45:50.074

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 18 de decembro de 2017 o Instituto Nacional de Estatística publicou os datos da Enquisa trimestral de Custo Laboral correspondentes ao terceiro trimestre de 2017. Cómpre recordar que esta enquisa é unha operación estatística continua que cada tres meses permite observar a evolución do custo laboral medio por traballador e mes así como o custo laboral por hora efectiva de traballo e o tempo traballado e non traballado. Así mesmo, desde o ano 2013 incorporou ás súas medicións información referida as vacantes ou ofertas de emprego. Esta ferramenta constitúe unha fonte fiábel para ver a evolución do emprego no Estado e no noso país e forma parte tamén dos euroindicadores da EUROSTAT canto á medición da converxencia dos custos laborais nos estados membros da Unión Europea.

Os datos recentes amosan a permanencia do estancamento canto ao custo laboral total como nos custos salariais desde 2010 e o menor medre do custo galego a respecto do estatal. Neste sentido, o custo salarial acada os 1.651,58 euros por traballador e mes en Galicia. Porén, aínda que isto supón un aumento do 1,7% e aínda que no Estado español o medre é do 0,3% cómpre recordar que este é aínda moi superior, situándose a media do conxunto do Estado nos 1.809,12 euros. Polo tanto, aínda que esta suba acurta a fenda a respecto do conxunto do Estado mantén o custo laboral medio no país en case 200 euros de diferenza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:45
Nº Rexistro: 22229
Data envío: 04/01/2018 13:45:50.074

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Vai corrixir o goberno galego a súa política económica para que os salarios galegos non estean conxelados sete anos máis?

-Como avalía o goberno galego o estancamento dos custos mensuais por traballador ou traballadora no noso país?

-Considera o goberno galego que é sostíbel este estancamento coa evolución dos prezos de mercado do último ano?

-A que considera o goberno galego que se debe o estancamento do último ano do sector industrial, malia ter sido un dos que excepcionalmente experimentaba unha evolución á alza? Ten pensado algunha medida ao respecto?

-Considera a Xunta de Galiza que a radiografía do mercado laboral galego permite que a evolución da economía galega sexa positiva?

-Considera o goberno galego compatíbel a terciarización da economía co desenvolvemento do consumo?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:45
Nº Rexistro: 22229
Data envío: 04/01/2018 13:45:50.074

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:43:20

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:43:26

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:43:41

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:43:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:43:44

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:43:45

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No PXOM do ano 2003 da cidade de Ourense clasifícase o ámbito AR43-O para equipamento público para expropiar os terreos, que aínda que debía non se cedeu ao Concello nos anos 70 como traseiras polas licencias de edificacións á Rúa Remedios.

O último goberno socialista no Concello de Ourense executou o previsto no PXOM do ano 2003 e procedeu a expropiar, segregando a parcela: cedendo á Consellería de Presidencia 4.000 metros cadrados para a construción do edificio xudicial, e ao Sergas outros 4.000 metros cadrados para a construción do centro de saúde do Couto.

O proxecto de reurbanización do entorno da AR43-O quedou rematado en febreiro de 2015 con todos os informes e pendente exclusivamente do informe de Confederación Hidrográfica, con partida orzamentaria asignada en 2015, que non chegou a executarse.

A instalación sanitaria, cuxas obras recibiu o Sergas en xuño de 2016, non poden abrir debido a que está pendente de executarse as obras de urbanización da contorna, e que son imprescindibles para que poida contar coa correspondente licenza de ocupación.

E aínda que por parte do Sergas se tentou proceder á apertura do centro no mes de setembro do ano 2016, tivo que dar marcha atrás ante a advertencia do goberno municipal de que non contaría coa licenza de ocupación, polo que a súa situación sería ilegal. Recentemente o TSXG ratificou que o centro de saúde de O Couto soamente poderá abrirse ao urbanizarse.

No momento de querer contratar a urbanización, houbo que recorrer a unha modificación de crédito que tardou en ser tramitada. A actuación

Grupo Parlamentario

que se está levando a cabo na contorna do centro de saúde require dun investimento que rolda o medio millón de euros (479.710 da obra e 17.908 do proxecto). Os traballos non comezaron ata xuño. Nunha visita ás obras realizada polo alcalde de Ourense en agosto deste ano, anunciaba que a "celeridade das obras permitiría que todo estea finiquitado na segunda ou terceira semana de outubro", mais estamos en novembro, e o centro de saúde segue sen poder abrir as súas portas, ano e medio despois de rematarse as obras financiadas pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se deberon os continuos retrasos na apertura do centro de saúde do Couto, situado en Ourense?
2. Por que tardaron en comezar as obras de urbanización máis dun ano dende o remate do centro de saúde do Couto?
3. Segundo os datos que ten o Goberno galego, cal é a previsión de remate das obras de urbanización da contorna do centro de saúde de O Couto?
4. Cal foi o custo económico en servizos de transporte, propaganda, e persoal do intento fallido da apertura deste centro de saúde en setembro do ano 2016?
5. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha o centro de saúde situado no barrio do Couto de Ourense?
6. O espazo no que se sitúa este centro de saúde, disporá dunha zona de accesibilidade total para as persoas con algún tipo de discapacidade?
7. Contará o centro de saúde do Couto con prazas específicas de aparcadoiro para as persoas con discapacidade?
8. En caso afirmativo, cantas prazas específicas de aparcadoiro para as persoas con discapacidade haberá?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2018 13:42:25

Raúl Fernández Fernández na data 04/01/2018 13:42:31

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2018 13:42:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:56
Nº Rexistro: 22237
Data envío: 04/01/2018 13:56:56.838

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O proxecto de orzamentos do Estado para o ano 2017 supuxeron un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza foi o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos. Máis aínda, nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza pasou a reducirse até nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, a previsión de investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Malia estas circunstancias, o goberno da Xunta de Galiza e o seu Presidente non se dirixiron ao goberno central para rectificar sobre este asunto e, de feito, as e os deputados en Madrid do Partido Popular votaron favorabelmente o Proxecto de Orzamentos referido. Con todo, diante da imposibilidade de ocultar o recortazo que se estaba a asumir, o presidente da Xunta de Galiza anunciou o 5 de abril de 2017, en presenza da ministra Dolor Monserrat, a creación dun comité ou comisión de seguimento para fiscalizar a execución orzamentaria do goberno central así como a progresión dos investimentos prometidos. O propio presidente da Xunta afirmou diante



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:56
Nº Rexistro: 22237
Data envío: 04/01/2018 13:56:56.838

dos medios de comunicación que de non materializarse estaríamos diante dun orzamento “decepcionante”.

Na primeira semana de outubro de 2017, coñecido o aprazamento dos orzamentos para 2018, a portavoz do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, incluíu esta comisión no curso do debate sen obter ningún comentario ao respecto por parte do Presidente. Máis aínda, á Comisión 3ª do Parlamento, encargada de asuntos relacionados coa economía e os orzamentos, non lle foi comunicada información referida ao asunto nin veu comparecer voluntariamente ningún membro do goberno.

Finalmente, comezado 2018 e as negociacións para próximos orzamentos é preciso facer balance e seguimento da situación para o noso país.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Cales son as conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada por Feijóo en abril de 2017?

-Con que data comezou a traballar o comité? Cantas veces se reuniu? Quen foron finalmente as e os seus membros?

-Existen actas destas reunións? Que tipo de información manexan para avaliar o grao de cumprimento do Estado? É a mesma dispoñíbel publicamente por parte dos organismos do Estado ou ten solicitado a consellaría de Facenda información específica ao goberno central? Con que resultado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:56
Nº Rexistro: 22237
Data envío: 04/01/2018 13:56:56.838

-Considera o goberno galego que foi “decepcionante” o resultado das previsións orzamentarias e de investimento do goberno central para os orzamentos 2017?

-Considera o goberno galego que se compensou o desinvestimento da anterior lexislatura?

-Que porcentaxe de investimento estatal ten a comunidade galega a día de hoxe?

-Coñece o goberno galego cal é o grao de cumprimento por Ministerios? E por provincias?

-Ten pensado o goberno galego elaborar algún tipo de informe e dar o seu traslado ao Parlamento?

-Cal será a estratexia negociadora do noso país para os vindeiros orzamentos do Estado?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:56
Nº Rexistro: 22237
Data envío: 04/01/2018 13:56:56.838

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:51:12

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:51:16

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:51:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:51:20

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:51:21

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:51:22

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia é a Comunidade con menor cifra relativa de policía nacionais e gardas civís e a que máis funcionarios ten perdido (entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período, o 1,4 %). Perda semellante existe en soldos e salarios.

A referencia á crise económica sérvelle ao Goberno galego para xustificar a redución e conxelación dos soldos e salarios dos funcionarios públicos e traballadores. A crise chegou para se quedar como argumento totalizador fronte ás pretensións de mellora dos soldos e salarios, pese ás declaracións do Goberno destacando a recuperación económica. A diferenza salarial entre as Policía do Estado Español constitúe unha evidente incoherencia e está distanciada claramente das retribucións dos Mossos d'Esquadra, da Policía Foral e da Ertzaintza, ademais da conxelación salarial dende 2010.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos polos que o Goberno galego se ampara na crise como argumento totalizador fronte ás pretensións de mellora dos soldos e salarios das policía?
2. Comparte o Goberno da diferenza salarial entre as Policía do Estado Español?
3. Comparte o Goberno as reivindicacións dos policía nacionais e dos gardas civís?
4. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado a progresiva equiparación salarial dos policía nacionais e gardas

 Grupo Parlamentario

civís con outros corpos policiais, de tal forma que no ano 2020 se acade a equiparación total?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 10:34:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 10:34:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 10:34:23

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Existe unha imaxe común en moitos dos patios de recreo dos espazos escolares de Galicia.

Eles xogando a fútbol na pista, que ocupa o espazo máis grande e case sempre o centro. Elas na periferia xogando ás chapas, ás palmas, ao pilla pilla, á comba, bailando ou paseando. A radiografía dos patios escolares é claramente machista: os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e recantos é frecuente que estean as nenas.

O resultado é que eles dominan o espazo coas únicas excepcións daqueles aos que non lles gusta este deporte e as (poucas) nenas que o practican nos recreos.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde fai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións para darlle a volta á disposición do patio.

Cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, reproduce as desigualdades e, no caso dos patios, está limitado pola normativa dos colexios. Ó final o que se dá é unha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre os pequenos.

De feito o informe “Los patios de las escuelas: espacios de oportunidades educativas” calcula que o alumnado pasa unhas 525

Grupo Parlamentario

horas ao ano neste espazo. Conclúe como é un reflexo das normas sociais, ao mesmo tempo que as reproduce e as alimenta. Nos di cal é o noso papel, o noso rol e os nosos límites. Por iso un patio máis equitativo debe dar lugar á diversidade non só permitindo outras opcións, senón ofrecéndoas.

Existindo experiencias xa desenroladas no ámbito español, se constata que as inversións son mínimas, moitas veces resoltas cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos ou de mobiliario urbano, e todo dentro dun novo plan de xestión do uso coordinado coa comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Por ser, o ámbito escolar, un dos que primeiramente inflúe na formación dos nenos e nenas, por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais dende a infancia, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tendo sido aprobado no ano 2017 en Comisión parlamentaria o impulso da obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, e en coherencia co I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, entende este Goberno a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero?
2. Considera que é o patio dos espazos escolares o lugar onde se pode traballar de forma máis efectiva e dende a coeducación, a igualdade e a mellora das relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Ten realizado este Goberno, e neste senso, algún tipo de acción de cara a favorecer que os patios dos centros escolares sexan eses espazos idóneos para a mellora deste tipo de relacións?
4. Comparte a idea de que a formación en igualdade na aula ten que ir da man da súa aplicación práctica na xestión dos espazos, usos e promoción da mellora das relacións entre nenos e nenas, así como entre diferentes xeracións e culturas?
5. Tendo en conta que as obras necesarias de adecuación dos patios dos centros escolares galegos, se estiman en xeral de pouca envergadura, sendo necesario en moitos casos a simple redacción dun plan de xestión do uso deses espazos, apoiaría este Goberno a redacción, posta en marcha e financiación dun Plan de adecuación dos patios dos centros educativos para conseguir eses espazos de relación coeducativos?

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/12/2017 13:52:56

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 13:53:04



 [Grupo Parlamentario](#)

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:53:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 13:53:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/12/2017 13:53:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2017 13:53:20

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2017 13:53:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Unhas 3.500 persoas venezolanas xubiladas, residentes en Galicia, atópanse coas súas pensións bloqueadas e, no caso de ser menores de 65 anos, sen prestacións do Estado español, ás que só acceden tras reclamacións xudiciais, cuestión esta que só atinxe, de momento, a 60 persoas no noso País.

Este colectivo de persoas levan sen recibir as súas pensións de Venezuela dende decembro de 2015 (agás dúas pagas extras de 2015 que cobraron entre xaneiro e marzo de 2016).

As persoas que cotizaron en Venezuela e no Estado español teñen unha pensión a prorrata. Na maior parte dos casos, a parte que lle correspondía pagar ao Estado español é pequena, xa que a cotización principal fora realizada en Venezuela. Como o INSS non ten en conta que, de facto, estas persoas non están a recibir a pensión venezolana, segue pagándolles a súa parte pequena e non achega ningún tipo de compensación, alegando que existe un dereito recoñecido que é a xubilación outorgada por Venezuela, cuestión que está a mudar en sentenzas xudiciais que obrigan á Seguridade Social española a recoñecer que a prestación recoñecida en Venezuela non é real nin efectiva.

A situación de gran parte destas persoas é límite, dado que non contan con ningún ingreso, polo que teñen que recorrer a aforros, apoio familiar ou entidades



de solidariedade. Mentres non se recoñeza que, de facto, estas persoas xubiladas non están a recibir as prestacións, non poden ter acceso ao sistema de axudas estatal nin das comunidades autónomas, como é o caso da RISGA, en Galicia.

Hai persoas que se atopan no limiar da pobreza e ás que a Xunta lles denega a RISGA alegando que teñen un dereito recoñecido a unha pensión que supera os límites económicos establecidos para acceder á RISGA, aínda que de facto dita pensión non a recibiran.

Este é o caso dunha muller da Coruña, que tiña concedida a RISGA e estábaa a cobrar nos últimos meses, pero que recibiu unha notificación por parte da Consellería de Política Social na que se lle informaba que en xaneiro deixaría de ingresar a RISGA "por ter recoñecida unha pensión por importe superior ao da prestación de RISGA que lle correspondería percibir", en referencia á pensión venezolana non cobrada, así como por non ter mudado de casa.

Semella un contrasentido que o PP aprobe no Parlamento de Galicia resolucións sobre as persoas pensionadas de Venezuela e que a Comisión de Asuntos Exteriores do Senado aprobe unha moción instando ao Goberno de España a "promover e participar, a través dos instrumentos da asistencia social, como convenios e acordos coas administracións locais e autonómicas adecuadamente financiados polo Estado para tal fin, a atención ás familias que, como consecuencia desta inxusta situación, están a atravesar unhas circunstancias de precariedade", referíndose a este colectivo, e logo a Xunta condene a persoas deste colectivo á exclusión social.

A situación só se interpreta baixo o prisma da politización interesada da situación venezolana por parte do PP, na cal as resolucións e declaracións de intencións



non van acompañadas de apoio real por parte da Xunta ás persoas venezolanas en risco de exclusión social.

Mentres tanto, administracións como o Concello de Santiago outorgou subvencións específicas para o colectivo e o Concello da Coruña tramitou a concesión de axudas para quen non pode acceder á RISGA.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) A cantas persoas xubiladas de Venezuela se lles denegou a RISGA alegando que teñen recoñecido o dereito a unha pensión de Venezuela, aínda que non a están a cobrar?
- 2.^a) Non cre a Xunta que, na valoración que se fai para outorgar a RISGA, no caso das persoas venezolanas xubiladas residentes en Galicia, se debe recoñecer que, de facto, estas persoas non están a recibir unha pensión, aínda que a teñan recoñecida, seguindo así o criterio das sentenzas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que obrigan á Seguridade Social española a recoñecer que a prestación recoñecida en Venezuela non é real nin efectiva?
- 3.^a) Non considera a Xunta que denegar a RISGA en caso de persoas venezolanas xubiladas residentes en Galiza en risco de pobreza é condenar a ditas persoas á exclusión social?



4.^a) Que medidas ten previsto a Xunta para remediar a situación das persoas xubiladas de Venezuela residentes en Galicia que se atopan en situación de risco de exclusión social?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Magdalena Barahona Martín

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/12/2017 12:43:07

Magdalena Barahona Martín na data 27/12/2017 12:43:20

Luis Villares Naveira na data 27/12/2017 12:43:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Magdalena Barahona Martín, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Na documentación que se fai chegar aos grupos sobre modificacións de crédito durante o ano, o documento TR-06.80-003-17 contén unha modificación de crédito por un valor de 2.926.51€, da Consellería de Facenda, para facer fronte aos gastos de locomoción para acudir as xuntanzas dos grupos de traballo sobre previsión do cadro macroeconómico das CCAA na AIREF que se están a realizar entre os meses de setembro e decembro.

Tendo en conta que na web deste organismo unicamente aparece unha acta con representación de Galicia, a acta do 12 de decembro de 2017, En Marea formula as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**:

- 1.^a) Cal é o desglose concreto dos gastos de locomoción os que se refire esta modificación de crédito?
- 2.^a) A que gastos se refire exactamente cando fala de gastos de locomoción?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017.

Asdo.: Magdalena Barahona Martín

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Magdalena Barahona Martín na data 29/12/2017 10:06:28

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No BOE núm. 280 do 18 de novembro de 2017 publicouse resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se licita o contrato de servizos de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

O valor estimado deste contrato ascende a 22.056.588,45 euros, sen división en lotes, e cun prazo de execución de 18 meses prorrogable. A data límite de presentación de ofertas rematou este pasado 26 de decembro actual. A apertura pública do sobre B (documentación relativa a criterios non avaliados automaticamente) está fixada para o próximo 5 de xaneiro de 2018.

Analizados os pregos de condicións desta licitación, representantes dos traballadores deste sector de actividade téñense dirixido ao órgano de contratación denunciando graves problemas de incumprimento de acordos sobre contratación pública con prácticas que non respectan acordos asinados entre as patronais e as centrais sindicais maioritarias no sector. Os prezos desta contratación non acadarían os mínimos de garantía da calidade do emprego dos traballadores e traballadoras que desenvolven as súas funcións nos edificios administrativos autonómicos, fomentando así as empresas “low cost” que non garanten o marco laboral necesario. Razóns polas que a representación sindical ten solicitada a suspensión cautelar desta licitación co obxecto de emendar estas preocupantes deficiencias.

Dado o elevado importe desta licitación, que afectaría ademais a preto de 180 traballadores do sector, e considerando outras importantes licitacións de servizos que a Consellería de Presidencia está a xestionar con diversas deficiencias que condicionan unha axeitada concorrència ao tempo que deterioran a calidade do emprego que xeran.

Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que previsións ten o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas nos prezos da actual licitación dos servizos de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos autonómicos, e que non garanten a calidade dos postos de traballo afectados?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/12/2017 13:44:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/12/2017 13:44:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/12/2017 13:45:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/12/2017 13:45:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22008
Data envío: 02/01/2018 17:08:27.357

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galiza da Estratexia da Cultura de Galiza 2021

A comezos de 2017 o Goberno galego, a través da Consellaría de Educación, Cultura e O.U. anunciou que están a traballar na elaboración da Estratexia da Cultura de Galiza 2021, un documento que, afirman, será a folla de ruta da planificación da acción cultural.

O 25 de outubro de 2017 a Consellaría asinou un convenio co Consello da Cultura Galega (CCG) para encargar a este organismo a elaboración da diagnose sobre a situación que atravesan os distintos sectores culturais no noso país como punto de partida para a elaboración da estratexia.

En novembro dese mesmo ano tivo lugar, segundo informou a Consellaría, a primeira xuntanza de traballo con “expertos”, un total de 30 persoas en representación dos sectores editorial e do libro; o audiovisual, a música, as artes escénicas, artes visuais e plásticas e do patrimonio cultural do noso país.

Antes de rematar o ano, no mes de decembro, tiveron lugar –de novo de acordo coa información da Consellaría-- outros dous encontros co sector na Coruña e Vigo.

A situación que atinxe a cultura galega é enormemente preocupante.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22008
Data envío: 02/01/2018 17:08:27.357

Entre 2009 e 2018 o goberno de Feijóo recortou o 51,14% dos orzamentos dirixidos a Cultura pasando de máis de 141 millóns de euros a 69.166 millóns no presente exercicio. En 2012 desapareceu como Consellaría para pasar a facer parte da macroárea de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, foron reiterados os incumprimentos por parte do Partido Popular que se comprometera, por exemplo, a aprobar o primeiro Plan do libro en 2013 mais nunca chegou a facelo. Ao mesmo tempo deixou sen efecto plans aprobados polo goberno bipartito, como o das Artes escénicas, prexudicando gravemente o sector.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales están a ser as liñas de traballo do Goberno para a elaboración da Estratexia da Cultura de Galiza 2021?
- Que obxectivos persegue a Xunta de Galiza coa elaboración desta Estratexia?
- De que maneira se plasmarán os compromisos da Xunta de Galiza e con que horizonte temporal se está a traballar?
- As medidas e accións que compoñan a Estratexia contarán con orzamento real para implementalas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22008
Data envío: 02/01/2018 17:08:27.357

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 17:07:11

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 17:07:16

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 17:07:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 17:07:19

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 17:07:24

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 17:07:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22015
Data envío: 02/01/2018 17:25:34.307

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

1. O goberno municipal de Pontecesures, mediante bando publicado polo seu alcalde o 23 de outubro de 2017, promoveu unha consulta popular sobre a retirada dun símbolo franquista, concretamente a representación do xugo e as flechas que figura no pilón de Carreiras. Esta iniciativa do alcalde foi resposta a unha solicitude da voceira do grupo municipal do BNG pedindo a retirada deste símbolo en cumprimento da lei de 52/2007, coñecida como lei de memoria histórica. A oportunidade desta medida viña dada pola realización de obras na contorna da citada fonte.

2. Non existe constancia de que a citada consulta se fixese seguindo a normativa vixente, polo que carecería de validez legal. Cúmpre lembrar a este respecto que as consultas populares por parte dos concellos están reguladas no artigo 71 da Lei de Bases de Rexime Local, que establece o seguinte:

“De conformidade coa lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, cando esta teña competencia estatutariamente atribuída para iso, os Alcaldes, previo acordo por maioría absoluta do Pleno e autorización do goberno da Nación, poderán someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia propia municipal e de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22015
Data envío: 02/01/2018 17:25:34.307

carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos á Facenda Local”.

3. Máis alá do incumprimento da normativa de consultas populares e da falta de validez legal do procedemento seguido pola alcaldía de Pontecesures, o que pon de relevo este caso é a resistencia dun goberno do PP a retirar un símbolo franquista do espazo público, cuestión que debería realizarse non xa en cumprimento da citada lei 52/2007 de memoria histórica, senón por un elemental sentido democrático, de condena do fascismo e da súa simboloxía.

Porque a estas alturas cuestionar que o xugo e as flechas é un símbolo fascista, unha representación inequívoca de exhaltación da Ditadura franquista, é unha auténtica provocación, unha infamia e unha ofensa contra as vítimas da represión e as súas familias. E máis alá disto, é un atentado contra a decencia, un ataque aos dereitos fundamentais e unha burla aos valores democráticos.

Unha vez máis comprobamos a dobre moral do PP: mentres di condenar o franquismo e solidarizarse coas vítimas da Ditadura, na práctica ampara, promove e defende a pervivencia dos seus símbolos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontecesures a respecto da petición de retirada dun símbolo da Ditadura franquista dun espazo público municipal?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22015
Data envío: 02/01/2018 17:25:34.307

2. Comparte o goberno galego a negativa do alcalde deste concello a retirar un símbolo de exhaltación da Ditadura franquista?

3. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza a respecto do cumprimento da lei por parte deste concello galego?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 17:23:25

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:52
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 03/01/2018 13:52:28.668

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a desenvolver as competencias de consumo da Xunta de Galiza fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron coñecer un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Polo importante número de persoas afectadas, polas contías implicadas e a extensión territorial que tivo, alén da exemplar loita social que supuxeron, o noso país aínda recorda o grande calote das preferentes e obrigas subordinadas. Máis recente é a sentenza europea sobre as cláusulas chan do pasado mes de decembro de 2016.

Como é lóxico, a secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias. Unha preocupación e unhas esixencias que as administracións públicas non sempre souberon acompañar nun contexto no que os feitos evidencian como a colocación de produtos financeiros por parte das entidades



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:52
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 03/01/2018 13:52:28.668

financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral.

Un denominador común das diferentes sentenzas e avaliacións de persoas expertas e de entidades independentes é que, para alén de cuestións relacionadas coa legalidade, a gravidade e importancia do asunto radica na mala praxe durante a colocación destes produtos, ora por falta de información e transparencia, ora por existencia de cláusulas dolosas que acompañan unha información insuficiente e opaca que, segundo os casos, mesmo se dá nun contexto no que as persoas afectadas están nunha situación de vulnerabilidade e existe un abuso engadido ao ofertar estes produtos a un público que carece de coñecementos financeiros e asume riscos sen ter consciencia sobre eles e sen que se lle garanta unha información suficiente. Para alén disto, existe tamén un volume importante de casuísticas nas que a potencial clientela ten unha necesidade urxente de recibir ese produto, caso dos créditos, e polo tanto rebaixa o seu grao de fiscalización da operación porque precisa acollerse a unhas esixencias bancarias si ou si, sen ter outra saída ou sen ter información sobre outras potenciais vías para a súa situación.

Neste contexto, froito das demandas da clientela, de diferentes colectivos, administracións, etc, toda esta inqueda social foi pulando cambios normativos. Neste sentido, a normativa europea centra na actualidade a súa atención naquilo que atinxe á “idoneidade do produto para cada cliente” (debendo realizar un test de idoneidade no banco) así como á formación dos cadros de persoal do sector financeiro para que cada traballador ou traballadores actúe como persoa “asesora”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:52
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 03/01/2018 13:52:28.668

Porén, resulta aínda evidente a carencia de ferramentas administrativas para o control sobre os produtos emitidos sobre a súa comercialización, a inexistencia dunha entidade para o control independente e factores preocupantes que non son tidos en conta como o claro conflito de interese no intento de contratar o produto.

Galiza ten competencias en materia de consumo que deben desenvolverse de forma ambiciosa nas ópticas de prevención e de control para reverter en última instancia no ben dos galegos e galegas e na seguranza económica do país malia o limitado do marco.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Ten previsto o goberno galego dotar de maior medios ao IGC (Instituto Galego de Consumo) para que poda poñer en marcha mecanismos de control sobre os produtos financeiros que se colocan á clientela por parte das entidades financeiras, así como sobre os procesos de comercialización destes?

- Ten previsto o goberno galego dotar de maiores medios ao IGC para que poda realizar a labor de asesoramento ás persoas consumidoras sobre os produtos financeiros?

- Ten previsto a Xunta de Galiza que o IGC sexa quen realice os test de idoneidade europeos aos clientes bancarios para definir o seu perfil investidor ou cando menos que sexa este organismo o que aprobe o cambio de perfil investidor para as persoas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:52
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 03/01/2018 13:52:28.668

- Ten desenvolto ou previsto o goberno galego algún tipo de iniciativa en materia de consumo fronte as agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2018 13:51:30

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2018 13:51:34

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2018 13:51:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 13:52
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 03/01/2018 13:52:28.668

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2018 13:51:37

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2018 13:51:38

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2018 13:51:39

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Asociación Galega de Editoras, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e a Federación de Librerías de Galicia, veñen de facer un chamamento conxunto a Consellería de Cultura reclamando a posta en marcha dun verdadeiro plan de fomento da lectura que impulse ao sector do libro, industria cultural fundamental en Galicia e unha das máximas defensoras do noso idioma.

Esta reclamación fíxose no seno do Consello Asesor do Libro que se reuniu en decembro de 2017 por primeira vez dende 2009, feito que xa da proba da nula atención que a Consellería de Cultura está a prestar a este sector que está a sufrir un continuo descenso.

Os datos, tanto do Observatorio da Cultura Galega como do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, poñen en evidencia unha situación francamente preocupante para un sector que foi declarado como estratéxico pola Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia. Unha situación negativa e de decrecemento que non se debe unicamente a situación económica, senón as políticas levadas a cabo polos sucesivos gobernos do presidente Feijoo, e que o Grupo Parlamentario Socialista puxemos en evidencia en múltiples ocasións.

Así, para comprender esta situación negativa do sector editorial galego non pode obviarse a forte redución das axudas e subvencións públicas para o sector -un 75 % menos nos últimos anos-, a absoluta carencia de campañas de estímulo á lectura, o fortísimo descenso de axudas as bibliotecas publicas e a falta de apoio ás librerías, entre outros elementos.

As tres asociacións solicitan que o Consello Asesor do Libro realice unha diagnose da situación do libro e da lectura en galego e que se

 Grupo Parlamentario

elabore un verdadeiro e efectivo Plan de fomento da lectura para poder conseguir frear a caída da edición en galego e impulsar o seu crecemento.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a situación do sector do libro en galego?
2. Como valora a Consellería de Cultura as demandas feitas pola Asociación Galega de Editoras, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e a Federación de Librerías de Galicia na reunión do Consello Asesor do Libro?
3. Que medidas pensa tomar a Consellería de Cultura para atallar a preocupante situación da edición en galego e ampliar os índices de lectura?
4. Pensa a Consellería de Cultura elaborar un verdadeiro Plan de fomento da lectura en colaboración cos representantes do sector do libro?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/01/2018 09:21:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/01/2018 09:21:28

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017 acordou a aprobación e posterior publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia do Plan Anual Normativo 2017, que inclúe, segundo sinala a correspondente referencia, todas as iniciativas lexislativas e regulamentarias que se prevé aprobar no ano 2017, para a súa posta á disposición e coñecemento por parte da cidadanía galega, que son 11 leis, 69 decretos e 25 ordes. A coordinación e seguimento do Plan anual normativo 2017 estaba a cargo da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que no primeiro trimestre de 2018 informará do grao de cumprimento do plan.

Este acordo non deixa de dar cumprimento ao disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un Plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

Non obstante as previsións deste acordo do Consello, rematado o ano 2017 evidénciase un alto grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, xa que das 11 leis previstas unicamente se presentaron 5 e dos 69 decretos anunciados non se aprobaron 34.

Entre as iniciativas lexislativas, deixáronse sen presentar textos tan importantes como a Lei de patrimonio, a Lei do patrimonio natural, a Lei de emprego de Galicia, ou a Lei de ordenación farmacéutica.

Outras, como a Lei de iniciativa empresarial, tivo que presentarse como proposición de lei a través do Grupo Parlamentario do PP, salvando así informes preceptivos que se lle requiren ao Goberno.

 Grupo Parlamentario

No caso dos decretos, o Goberno galego deixou sen regular todo o paquete normativo relativo ao deporte de alto nivel, disciplina deportiva ou persecución da dopaxe, deixando unha vez máis sen desenvolver a Lei do deporte de Galicia de 2012.

Tampouco se revisou a coordinación das Policía Local de Galicia como estaba previsto, o control da calidade dos servizos públicos, o proceso de funcionarización no emprego público autonómico nin se desenvolveu a normativa para transporte público de persoas en vehículos de turismo; vivenda protexida, a regulación da transferencia de resultados da investigación no sistema de saúde, servizos sociais ou a Risga foron outros ámbitos regulamentarios que a Xunta de Galicia non abordou conforme ás súas previsións normativas.

Pero ademais, o nivel de transparencia do Goberno galego nesta importante materia xera gran confusión. A título de exemplo, na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia, a data de 22/12/2017, no apartado “*Pendente de aprobación*” dentro da “*Normativa en tramitación*” aparecen as referencias de proxectos de decretos que na maioría dos casos non se facían constar no Plan anual normativo dado a coñecer; ou no apartado “*En prazo de suxestión*”, aparecen dispoñibles para consulta só tres normativas en tramitación.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017?
2. Que valoración fai o Goberno galego do seu grao de transparencia en materia de planificación normativa?
3. Que previsións ten o Goberno galego para a aprobación do Plan anual normativo de 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/01/2018 10:40:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2018 10:40:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2018 10:40:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 12:57
Nº Rexistro: 22209
Data envío: 04/01/2018 12:57:31.765

Audiencia Nacional anulou varios contratos adxudicados pola administración por irregularidades na súa tramitación e nos pregos.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que criterios segue a Xunta de Galicia para garantir o respecto aos dereitos laborais e salariais nos contratos de prestación de servizos?

-Que valoración fai o goberno galego sobre o escaso número de ofertas presentadas ao concurso do servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos?

-Considera a Xunta de Galiza que o citado prego respecta a lexislación vixente?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 12:57
Nº Rexistro: 22209
Data envío: 04/01/2018 12:57:31.765

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado mes de novembro de 2017 a Xunta de Galicia licitou o contrato do servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos, contrato nun único lote e que ten unha duración prevista de 18 meses prorrogables. O prazo de presentación de ofertas rematou o pasado 26 de decembro e o 5 de xaneiro está prevista a apertura do sobre B (criterios non avaliábeis de xeito automático) das catro ofertas presentadas e admitidas.

Segundo informacións que nos trasladaron as representacións sindicais, tanto o prezo do contrato como outras cláusulas do prego de condicións non garanten a prestación do servizo coas mínimas garantías de respecto aos convenios do sector, aos dereitos laborais e a unhas condicións salariais xustas. Neste sentido, presentáronse alegacións ao prego nas que se facía constar o incumprimento da normativa europea sobre a materia.

Por outra parte, nos últimos tempos vense denunciando no sector da vixilancia e seguridade a irrupción de empresas *low cost*, entre as que se encontran varias das admitidas no citado concurso. Trátase de empresas que presentan ofertas á baixa e que polo tanto non garanten o mantemento dos dereitos laborais e salariais. Recentemente a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 12:57
Nº Rexistro: 22209
Data envío: 04/01/2018 12:57:31.765

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 12:55:16

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 12:55:21

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 12:55:23

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 12:55:24

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 12:55:26

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 12:55:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:10
Nº Rexistro: 22213
Data envío: 04/01/2018 13:10:34.510

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á valoración do goberno galego sobre a evolución da situación e capacidade económica dos fogares galegos.

Os fogares galegos experimentaron a partir do estalido da crise socioeconómica en 2008 unha baixada nos indicadores de calidade de vida e capacidade económica. No actual contexto de medre do cadro macroeconómico en índices como o PIB continúa a ser unha tarefa pendente e debera ser unha preocupación dos poderes públicos a súa translación ás economías individuais e familiares, cuxa situación non mellora de forma decidida co mantemento de dificultades como a fragmentación e precarización do mercado laboral, as consecuencias dos recortes nos servizos básicos e a dificultade de acceso a determinados bens e servizos.

Recentemente o Instituto Galego de Estatística facía públicos os datos referentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2017 da Enquisa conxuntural a fogares que permite avaliar os cambios na percepción do consumidor respecto das súas expectativas tanto de gasto como de aforro, así como da percepción da situación económica persoal e xeral do país.

Nos datos do penúltimo trimestre puidemos observar indicios preocupantes. Por exemplo, no referido á situación económica dos fogares nos últimos tres meses



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:10
Nº Rexistro: 22213
Data envío: 04/01/2018 13:10:34.510

constátase a realidade de que nin o 50% dos fogares do noso país chega con facilidade ou moita facilidade ao termo do mes, xa que aínda que a porcentaxe aumenta a respecto de 2016 podemos observar como mesmo diminúe a porcentaxe se a comparamos o terceiro trimestre (48,33%) co segundo (54,52%) ou co primeiro (48,12%) do ano 2017. Así mesmo, neste terceiro trimestre malia a lixeira baixada da porcentaxe dos fogares galegos que chegan con moita dificultade a final do mes, de menos dun 1%, volve experimentarse un incremento (+6,77 puntos) no parámetro dos fogares galegos que chegan a fin de mes con dificultade. Máis adiante, no cuarto e último trimestre do ano podemos ver como se consolida esta tendencia de que máis da metade do país estea en situacións de dificultade, en diferentes graos. Desta forma, malia que con respecto ao trimestre anterior se experimenta unha diminución de 2,56 puntos na porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade a fin de mes, tamén se produce unha diminución, neste caso do 0,69 puntos, na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes. Porén, aumenta o tramo intermedio de porcentaxe de fogares que chega con dificultade ao último día do mes (3,25 puntos de incremento respecto ao trimestre anterior).

Doutra banda, se comparamos os datos anualmente podemos observar como a respecto do cuarto trimestre do ano 2016, se ben aumenta en 0,7 puntos a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade, increméntase con maior intensidade a porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes entre o cuarto trimestre de 2016 e o respectivo de 2017 (aumentou 2,19 puntos) o cal fai que a redución da porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade ao último día do mes, aínda que teña diminuído en 2,89 puntos no último ano ilustre un panorama preocupante.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:10
Nº Rexistro: 22213
Data envío: 04/01/2018 13:10:34.510

Á vista desta situación faise evidente que non se consolida a mellora da situación dos fogares galegos e que son precisas mudanzas nas políticas económicas da Xunta de Galiza.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora o goberno galego a situación dos fogares dos galegos e galegas?

-Considera o goberno galego que a mellora de indicadores macroeconómicos está a ter unha translación ás familias do noso país?

-Considera o goberno galego que as súas políticas fiscais e económicas están a ter un verdadeiro impacto redistributivo na sociedade galega?

-Interpreta a Xunta de Galiza que as porcentaxes de fogares galegos con dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes son un problema estrutural? Que ten pensado facer ao respecto?

-Como avalía a Xunta de Galiza os índices do indicador de confianza das persoas consumidoras e indicadores de sentimento do consumidor por intervalo de ingresos mensuais do fogar no referido aos salarios menores de mil euros?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:10
Nº Rexistro: 22213
Data envío: 04/01/2018 13:10:34.510

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:08:54

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:08:58

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:09:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:09:01

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:09:03

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:09:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22222
Data envío: 04/01/2018 13:37:28.037

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado sete de xuño coñeceuse publicamente a venda, durante esa madrugada, do Banco Popular ao Santander. Consumábase, desta forma, a crónica dunha morte anunciada. Diferentes novas e indicios das semanas e meses anteriores facía prever a venda desta entidade. Precisamente por ese motivo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista tiña presentado, entre outras, ante o Parlamento Galego a iniciativa número de rexistro 9315 (10/PNC-000973) que, ademais, estaba incorporada para o debate da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos a celebrar o día nove de xuño de 2017, apenas dous días despois da desafortunada nova da venda.

A Proposición non de lei versaba sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias na que se facía fincapé no impacto que tería a venda da entidade anteriormente mencionada.

Nesa comisión chegouse a un acordo por unanimidade de todos os grupos políticos que ditaba como segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22222
Data envío: 04/01/2018 13:37:28.037

—Realizar un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado bancario após a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza.

—Trasladar este informe á Cámara galega para o seu coñecemento e debate.»

Pasado máis de medio ano de dito acordo, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o goberno galego tivo tempo máis que suficiente para elaborar un estudo profundo sobre a situación e é hora de debater o seu resultado así como promover acordos políticos para as liñas de actuación que deste se deriven.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que conclusións tirou o goberno galego en cumprimento do acordo parlamentar da Comisión 3ª do 9/06/2017 relativo á un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza?

-En que data ten prevista a súa remisión á cámara, presentación e debate?

-Cal foi o procedemento deseñado polo goberno galego para cumprir o acordo e elaborar o informe?

-Que consellaría ou consellarías participaron?

-Contou o goberno galego coa opinión e participación Consello Económico e Social de Galiza?

-Contou o goberno galego coa opinión e participación das tres universidades galegas? Por que vía?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22222
Data envío: 04/01/2018 13:37:28.037

-Contou o goberno galego con estudos e informacións estatísticas de produción propia? A través de que mecanismos?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para as persoas usuarias? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Cales conclúe o goberno galego que son as principais consecuencias para a oferta de servizos financeiros? Ten avaliado xa propostas para actuar ao respecto, na medida das súas competencias?

-Ten adoptado o goberno galego algún mecanismo de medición, ben cuantitativo, ben cualitativo, das consecuencias derivadas da centralización bancaria para estudar os seus efectos progresivamente nos vindeiros anos? Cales?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:37
Nº Rexistro: 22222
Data envío: 04/01/2018 13:37:28.037

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:33:06

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:33:11

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:33:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:33:15

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:33:16

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:33:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22233
Data envío: 04/01/2018 13:46:32.387

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado 18 de decembro de 2017 o Instituto Nacional de Estatística publicou os datos da Enquisa trimestral de Custo Laboral correspondentes ao terceiro trimestre de 2017. Cómpre recordar que esta enquisa é unha operación estatística continua que cada tres meses permite observar a evolución do custo laboral medio por traballador e mes así como o custo laboral por hora efectiva de traballo e o tempo traballado e non traballado. Así mesmo, desde o ano 2013 incorporou ás súas medicións información referida as vacantes ou ofertas de emprego. Esta ferramenta constitúe unha fonte fiable para ver a evolución do emprego no Estado e no noso país e forma parte tamén dos euroindicadores da EUROSTAT canto á medición da converxencia dos custos laborais nos estados membros da Unión Europea.

Os datos recentes amosan a permanencia do estancamento canto ao custo laboral total como nos custos salariais desde 2010 e o menor medre do custo galego a respecto do estatal. Neste sentido, o custo salarial acada os 1.651,58 euros por traballador e mes en Galicia. Porén, aínda que isto supón un aumento do 1,7% e aínda que no Estado español o medre é do 0,3% cómpre recordar que este é aínda moi superior, situándose a media do conxunto do Estado nos 1.809,12 euros. Polo tanto, aínda que esta suba acurta a fenda a respecto do conxunto do Estado mantén o custo laboral medio no país en case 200 euros de diferenza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22233
Data envío: 04/01/2018 13:46:32.387

-Vai corrixir o goberno galego a súa política económica para que os salarios galegos non estean conxelados sete anos máis?

-Como avalía o goberno galego o estancamento dos custos mensuais por traballador ou traballadora no noso país?

-Considera o goberno galego que é sostíbel este estancamento coa evolución dos prezos de mercado do último ano?

-A que considera o goberno galego que se debe o estancamento do último ano do sector industrial, malia ter sido un dos que excepcionalmente experimentaba unha evolución á alza? Ten pensado algunha medida ao respecto?

-Considera a Xunta de Galiza que a radiografía do mercado laboral galego permite que a evolución da economía galega sexa positiva?

-Considera o goberno galego compatíbel a terciarización da economía co desenvolvemento do consumo?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:46
Nº Rexistro: 22233
Data envío: 04/01/2018 13:46:32.387

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:45:01

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:45:06

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:45:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:45:12

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:45:16

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:45:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:57
Nº Rexistro: 22239
Data envío: 04/01/2018 13:57:12.276

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O proxecto de orzamentos do Estado para o ano 2017 supuxeron un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza foi o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos. Máis aínda, nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza pasou a reducirse até nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, a previsión de investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Malia estas circunstancias, o goberno da Xunta de Galiza e o seu Presidente non se dirixiron ao goberno central para rectificar sobre este asunto e, de feito, as e os deputados en Madrid do Partido Popular votaron favorabelmente o Proxecto de Orzamentos referido. Con todo, diante da imposibilidade de ocultar o recortazo que se estaba a asumir, o presidente da Xunta de Galiza anunciou o 5 de abril de 2017, en presenza da ministra Dolor Monserrat, a creación dun comité ou comisión de seguimento para fiscalizar a execución orzamentaria do goberno central así como a progresión dos investimentos prometidos. O propio presidente da Xunta afirmou diante



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:57
Nº Rexistro: 22239
Data envío: 04/01/2018 13:57:12.276

dos medios de comunicación que de non materializarse estaríamos diante dun orzamento “decepcionante”.

Na primeira semana de outubro de 2017, coñecido o aprazamento dos orzamentos para 2018, a portavoz do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, incluíu esta comisión no curso do debate sen obter ningún comentario ao respecto por parte do Presidente. Máis aínda, á Comisión 3ª do Parlamento, encargada de asuntos relacionados coa economía e os orzamentos, non lle foi comunicada información referida ao asunto nin veu comparecer voluntariamente ningún membro do goberno.

Finalmente, comezado 2018 e as negociacións para próximos orzamentos é preciso facer balance e seguimento da situación para o noso país.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cales son as conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada por Feijóo en abril de 2017?

-Con que data comezou a traballar o comité? Cantas veces se reuniu? Quen foron finalmente as e os seus membros?

-Existen actas destas reunións? Que tipo de información manexan para avaliar o grao de cumprimento do Estado? É a mesma dispoñíbel publicamente por parte dos organismos do Estado ou ten solicitado a consellaría de Facenda información específica ao goberno central? Con que resultado?

-Considera o goberno galego que foi “decepcionante” o resultado das previsións orzamentarias e de investimento do goberno central para os orzamentos 2017?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:57
Nº Rexistro: 22239
Data envío: 04/01/2018 13:57:12.276

-Considera o goberno galego que se compensou o desinvestimento da anterior lexislatura?

-Que porcentaxe de investimento estatal ten a comunidade galega a día de hoxe?

-Coñece o goberno galego cal é o grao de cumprimento por Ministerios? E por provincias?

-Ten pensado o goberno galego elaborar algún tipo de informe e dar o seu traslado ao Parlamento?

-Cal será a estratexia negociadora do noso país para os vindeiros orzamentos do Estado?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 13:57
Nº Rexistro: 22239
Data envío: 04/01/2018 13:57:12.276

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 13:53:43

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 13:53:49

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 13:53:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 13:53:51

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 13:53:53

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 13:53:54

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727